



2021

Informe sobre
a situación do traballo
autónomo no mercado
laboral galego



XUNTA
DE GALICIA



Informe sobre a situación do traballo autónomo no mercado laboral galego

Xunta de Galicia

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Observatorio de Prospectiva
do Mercado de Traballo





ÍNDICE

Navegabilidade interna

Coa finalidade de facilitar a súa lectura e valoración, este informe e os anexos que o integran son **documentos interactivos**.

Así pois, **proporciónase a navegabilidade** interna mediante:



1

O índice xeral, dende o que se pode acceder directamente aos correspondentes bloques de contidos, simplemente con facer "**click**" nas súas epígrafes.

2

Dende cada unha das páxinas interiores impares, a través do menú icónico situado no extremo superior dereito:


Regreso ao
índice xeral

Páxina anterior
e seguinte

Índice de contidos

1	INTRODUCCIÓN	9
2	AFILIACIÓN AO RÉXIME ESPECIAL DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS	13
2.1	AFILIACIÓN DE PERSOAS AUTÓNOMAS	15
2.2	AFILIACIÓN SEGUNDO REXIMES E PROVINCIAS	24
2.3	VARIACIÓN ANUAIS DE AFILIACIÓN	29
2.4	AFILIACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE	33
2.5	AFILIACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POR ACTIVIDADE ECONÓMICA	40
2.6	AFILIACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS NAS COMARCAS GALEGAS	51
2.7	AFILIACIÓN AO RETA DESAGREGADA SEGUNDO A SÚA PROCEDENCIA: AFILIACIÓN NON SETA (SISTEMA NORMAL DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS) OU SETA (SISTEMA ESPECIAL DE PERSOAS TRABALLADORAS AGRARIAS).	56
2.8	O EMPREGO AUTÓNOMO DE ESTRANXEIROS EN GALICIA	59
2.9	A SITUACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO GALEGO EN RELACIÓN CO CONXUNTO NACIONAL	64
3	PERSOAS OCUPADAS POR CONTA PROPIA SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA	67
3.1	EVOLUCIÓN	69
3.2	DATOS POR PROVINCIAS	73
3.3	DATOS DE PERSOAS EMPRESARIAS ON OU SEN PERSOAL ASALARIADO	75
3.4	COMPARATIVA CON ESPAÑA E UE27	80
4	O PERFIL DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA EN GALICIA	81
4.1	DESCRICIÓN	83
4.2	O PERFIL DA PERSOA AUTÓNOMA GALEGA E DA PERSOA AUTÓNOMA NACIONAL	87
4.3	EVOLUCIÓN	88

5	ECONOMÍA SOCIAL: COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS	91
	5.1 COOPERATIVAS	94
	5.2 SOCIEDADES LABORAIS	98
6	EMPRESAS CON TITULARIDADE DE PERSOA FÍSICA	103
	6.1 SEGUNDO A PROVINCIA	105
	6.2 SEGUNDO A ACTIVIDADE PRINCIPAL (SECCIÓNS CNAE 2009)	108
7	PENSIÓNS	111
	7.1 PENSIÓNS SEGUNDO A SÚA NATUREZA	113
	7.2 COMPARATIVA POR CCAA	116
8	PRESTACIÓNS PARA PERSOAS AUTÓNOMAS	119
9	SINISTRALIDADE LABORAL	123
	9.1 ACCIDENTES DE TRABALLO SEGÚN SEXAN PERSONAS AUTÓNOMAS OU ASALARIADAS	125
	9.2 ACCIDENTES DE TRABALLO DAS PERSONAS AUTÓNOMAS	127
10	FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O TRABALLO AUTÓNOMO	131
11	EMPRENDEMENTO	135
	11.1 CREACIÓN DE EMPRESAS	137
	11.2 TAXA DE ACTIVIDADE EMPRENDEDORA INCIPIENTE (TEA)	145





1

INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

Neste *Informe sobre a situación do traballo autónomo no mercado laboral galego* o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo analiza en forma de traballo monográfico a figura do emprego por conta propia, modalidade de especial interese no mercado de traballo da nosa comunidade e que, como alternativa ao traballo por conta allea, contribúe a crear postos de traballo e a o desenvolvemento persoal, á vez que ofrece ás persoas sen emprego unha oportunidade para participar na economía.

No estudo realízase unha aproximación á complexa realidade destes traballadores e traballadoras a través de diferentes enfoques, polo que para comezar cómpre achegar algunhas definicións e peculiaridades que as distintas fontes de información e normativas desenvoltas foron establecendo ao longo do tempo.

O Estatuto dos traballadores define como empresarios ou empresarias todas as persoas, físicas ou xurídicas, ou comunidades de bens que reciban a prestación de servizos das persoas referidas (traballadores ou traballadoras que voluntariamente presten os seus servizos retribuídos por conta allea e dentro do ámbito de organización e dirección de outra persoa, física ou xurídica, denominada persoa empregadora ou empresaria), así como das persoas contratadas para ser cedidas a empresas usuarias por empresas de traballo temporal legalmente constituídas.

A Unión Europea define persoa autoempregada como toda persoa que exerza nas condicións previstas polo dereito nacional, unha actividade lucrativa, incluído o traballo agrícola e as profesións liberais. Polo que, ata o de agora, non existe unha regulación conxunta a nivel comunitario, dependendo esta de cada un dos estados membros.


Deste xeito, no ano 2007, coa Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo defínese o novo marco xurídico dos traballadores e traballadoras que exercen a súa actividade profesional por conta propia en España. Unha norma pioneira, tanto a nivel nacional como comunitario, a cal configura de maneira unitaria a regulación das distintas particularidades que o traballo por conta propia trae consigo. A definición que se recolle no mencionado Estatuto do traballo autónomo é a de "aquela persoa física que realiza de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito da dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, dean ou non ocupación a traballadores por conta allea".

Cómpre mencionar a importancia da aparición dalgunhas novidades importantes que afectan dunha maneira directa ao traballo autónomo. Hai que destacar que en aplicación da Lei 18/2007, do 4 de xullo, e a partir do 1 de xaneiro de 2008, dentro do Réxime Especial dos Traballadores Autónomos (RETA) intégrase o Sistema Especial Agrario por Conta Propia. Outra futura novidade introducirase a partir do 1 de xaneiro de 2023, cando entre en vigor unha reforma do RETA, pola que se vai establecer un novo sistema de cotización para este colectivo así como unha mellora da protección por cese de actividade.

Ao longo deste estudo analízanse, por un lado, as estatísticas de afiliación publicadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) e polo Instituto Galego de Estatística (IGE) centrándonos no RETA; e tamén a Enquisa de Poboación Activa (EPA) onde nos referiremos ás persoas ocupadas por conta propia. Debido a complexidade dos datos ofrecidos e a imposibilidade de establecer comparativas entre ambos, mostramos a continuación unha táboa coa información e variables ofrecidas e tratadas por cada unha das fontes de datos mencionada.

Ademais no informe recóllense datos sobre Economía Social, no subsector do mercado, é dicir, empresas articuladas fundamentalmente a través de cooperativas e sociedades laborais, categorías de enorme importancia na dinamización da economía e a promoción do emprego. Tamén se fai unha análise sobre as pensións e prestacións, a formación e a sinistralidade das persoas autónomas en Galicia, así como un acercamento ao emprendemento.

As fontes de información que dan soporte a estes apartados son principalmente: o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones, o Ministerio de Trabajo y Economía Social, o Servizo Público de Emprego de Galicia e o IGE. Os datos son mostrados en forma de táboas, gráficos, mapas e comparativas das principais variables nos distintos períodos temporais.



FONTE	CATEGORÍA	DATOS OFRECIDOS
• IGE (a partir da información subministrada directamente polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones) • TGSS Base de datos de rexistros de afiliacións	Afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)	Inclúense datos sobre todo o conxunto de afiliación ao RETA: - persoas empresarias con persoal asalariado ou empregadoras - persoas empresarias sen persoal asalariado ou traballadoras independentes - membros de sociedades mercantís - membros de cooperativas - axuda familiar - outras situacións profesionais
Temporalidade: • IGE: último día de cada mes • TGSS: medias mensuais	Persoas traballadoras autónomas propiamente ditas, en alta na Seguridade Social Temporalidade: último día do ano	Ofrece datos sobre aquelas persoas autónomas non integradas en sociedades mercantís, cooperativas nin entidades societarias. (RETA+Mar conta propia). Tamén se exclúen as que figuran como colaboradoras familiares e as que están rexistradas formando parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras.
Enquisa de Poboación Activa (EPA) Trátase dunha investigación por mostraxe Temporalidade: trimestral	Persoas ocupadas por conta propia	Ofrece datos por separado por: - persoa empregadora - persoa empresaria sen persoal asalariado ou traballadora independente - membro de cooperativa - axuda familiar - persoal asalariado do sector público - persoal asalariado do sector privado Non se consideran ocupadas por conta propia as seguintes persoas: - As que se ocupan do seu fogar sen remuneración, aquelas que prestan servizos sociais non remunerados ou de carácter benéfico, etc. - As traballadoras estacionais por conta propia e as traballadoras ocasionais familiares non remuneradas na temporada de menor actividade que non traballaran na semana de referencia.





2

AFILIACIÓN AO RÉXIME ESPECIAL DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

AFILIACIÓN AO RÉXIME ESPECIAL DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

2.1 AFILIACIÓN DE PERSOAS AUTÓNOMAS

O réxime especial de persoas traballadoras autónomas (RETA), no último día de decembro de 2021, representa o 21% da porcentaxe da afiliación á Seguridade Social en Galicia. A ocupación por conta propia aínda queda lonxe da afiliación ao réxime xeral (incl. agrario e fogar), que supón o 77%. No que respecta á comparativa que se pode establecer con respecto ao Estado, obsérvase que a porcentaxe de emprego autónomo é superior na nosa comunidade; en concreto, o peso deste colectivo no Estado acadou en decembro de 2021 o 17%.

Segundo as fontes estatísticas da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, no peche de decembro de 2021 rexistráronse en Galicia un total de 208.099 afiliacións a este réxime. O maior número de traballadores por conta propia atópanse nas provincias da Coruña e Pontevedra, con 84.762 e 67.625 afiliacións. As provincias menos poboadas de Lugo e Ourense presentan unha menor afiliación de persoas traballadoras autónomas, con 32.578 e 23.134 respectivamente. A provincia da Coruña aglutina o 41% do total de autónomos e autónomas de Galicia, e, se a esta lle sumamos os rexistrados na provincia de Pontevedra, entre as dúas rexistran o 73%.


SEGUNDO SEXO E PROVINCIAS

Afiliación RETA Decembro 2021	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	49.526	35.236	84.762
Lugo	19.148	13.430	32.578
Ourense	14.128	9.006	23.134
Pontevedra	40.157	27.468	67.625
Galicia	122.959	85.140	208.099

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes


Se abordamos a afiliación de persoas traballadoras autónomas desde a perspectiva do xénero, obsérvase un predominio masculino que se evidencia nas catro provincias. No conxunto de Galicia a afiliación dos homes traballadores por conta propia ascendeu a 122.959, o que representa o 59% do total, mentres que a cifra que acadan as traballadoras autónomas situouse en 85.140, o que representa o 41%.

Persoas traballadoras autónomas por sexo.
Galicia




A maior disparidade por xénero no acceso ao traballo por conta propia rexístrase na provincia de Ourense, a porcentaxe de participación feminina neste réxime sitúase por debaixo do 40%. No resto de provincias a afiliación feminina tamén se sitúa por debaixo da porcentaxe masculina. Tanto en Pontevedra como Lugo, as mulleres representan o 41%. A provincia da Coruña, que é a que rexistra o maior número de mulleres autónomas, móvese nunhas porcentaxes similares: as mulleres acadan o 42%.


Provincia de A Coruña




Provincia de Lugo



Provincia de Ourense



Provincia de Pontevedra




SEGUNDO GRUPOS DE IDADE E PROVINCIAS

Galicia. Decembro 2021	Afiliación RETA
16 a 29	10.439
30 a 44	64.870
45 a 54	67.391
55 e máis	65.399
Total Galicia	208.099

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

**Persoas traballadoras autónomas por grupos de idade.
Galicia 2021**




Como é de agardar o maior número de persoas traballadoras autónomas sitúanse nos tramos de idade intermedios, que son os que rexistran un maior volume de poboación activa. A finais de decembro de 2021 contabilizáronse en Galicia 132.261 traballadores por conta propia comprendidos entre os 30 e os 54 anos, o que representa o 64% do total. As persoas maiores de 55 acadan con 65.399, o 31%. A poboación xuvenil galega, presenta os niveis máis baixos de acceso ao emprego por conta propia, os 10.439 traballadores representan o 5% do total de persoas autónomas no conxunto da Comunidade Autónoma.

Provincia de A Coruña: grupos de idade

A Coruña. Decembro 2021	Afiliación RETA
16 a 29	4.165
30 a 44	26.731
45 a 54	27.406
55 e máis	26.460
Total A Coruña	84.762

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

A Coruña 2021




A distribución da afiliación ao réxime de persoas traballadoras autónomas da Seguridade Social dentro da provincia da Coruña presenta unha estratificación por tramos de idade moi similar á do conxunto de Galicia. As porcentaxes de representación coinciden de xeito moi similar coas da Comunidade Autónoma.

Provincia de Lugo: grupos de idade

Lugo. Decembro 2021	Afiliación RETA
16 a 29	1.494
30 a 44	9.411
45 a 54	10.247
55 e máis	11.426
Total Lugo	32.578

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

Lugo 2021




Na provincia de Lugo tamén se observa un maior peso porcentual de persoas traballadoras autónomas concentradas nos dous grupos de maior idade, ambos grupos rexistran valores por riba do 30%: un 35% entre as de máis de 55 anos, e un 31% no rango inmediatamente inferior; o que supón 11.426 e 10.247 respectivamente. A poboación menor de trinta anos obtén unha representación (5%) similar á media galega, xa de por si baixa. As persoas autónomas de 30 a 44 representan o 29%.

Provincia de Ourense: grupos de idade

Ourense. Decembro 2021	Afiliación RETA
16 a 29	1.261
30 a 44	7.291
45 a 54	7.200
55 e máis	7.382
Total Ourense	23.134

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

Ourense 2021




A provincia de Ourense rexistra un maior equilibrio entre as persoas autónomas de entre 30 a 44 anos, as de 45 a 54 anos e as de máis de 55, todas acadan unha porcentaxe que oscila entre o 31% e o 32%. O grupo de idade que presenta un menor peso segue a ser o que comprende as persoas traballadoras menores de trinta anos.

Provincia de Pontevedra: grupos de idade

Pontevedra. Decembro 2021	Afiliación RETA
16 a 29	3.519
30 a 44	21.437
45 a 54	22.538
55 e máis	20.131
Total Pontevedra	67.625

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes


Pontevedra 2021




Na provincia de Pontevedra rexístrase a menor presenza porcentual das persoas traballadoras autónomas de máis idade, concretamente para as maiores de 54 anos acádase unha porcentaxe do 30%. O maior número de persoas traballadoras por conta propia rexístrase entre a poboación de entre 45 a 54 anos.

SEGUNDO SEXO E GRUPOS DE IDADE. GALICIA

Mulleres traballadoras autónomas por sexo e idade



Homes traballadores autónomos por sexo e idade




Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

Se relacionamos dentro da poboación traballadora galega por conta propia, o sexo coa idade, pódese observar que as mulleres, agás as menores de trinta anos, presentan un maior equilibrio que os homes na distribución da incidencia do traballo autónomo entre os rangos de idade considerados. A poboación masculina presenta un maior peso dos traballadores de entre 45 e 54 anos, a preeminencia de mulleres autónomas resulta lixeiramente superior entre as maiores de 55 anos.

2.2 AFILIACIÓN SEGUNDO RÉXIMES E PROVINCIAS

Galicia. Decembro 2021. Régimes.	Afiliación
Xeral	751.754
Agrario	5.455
Mar	19.064
Fogar	24.739
Autónomo	208.099

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes



O réxime autónomo en Galicia aglutina no último día de decembro de 2021 a 208.099 persoas, o que representa o 21% da afiliación total á Seguridade Social. A ocupación por conta propia aínda queda lonxe da afiliación ao réxime xeral (excl. agrario e fogar), que supón o 74%. No que respecta á comparativa que se pode establecer con respecto ao Estado, obsérvase que a porcentaxe de persoas traballadoras autónomas é inferior á rexistrada na nosa Comunidade, en concreto, o


peso do emprego por conta propia no Estado, acadou en decembro de 2021 o 17%, fronte ao 21% rexistrado en Galicia.

Provincia de A Coruña: afiliación por réximes

A Coruña. Decembro 2021 Réximes	Afiliación
Xeral	331.592
Agrario	1.999
Fogar	10.750
Autónomo	84.762
Mar	5.411

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

Afiliación provincia A Coruña




A provincia da Coruña rexistra en termos absolutos o maior número de persoas traballadoras autónomas, 84.762, aínda que o seu peso porcentual respecto ao total da afiliación, situado no 19,5%, é o segundo máis baixo despois do de Pontevedra.

Provincia de Lugo: afiliación por réximes

Lugo. Decembro 2021 Réximes	Afiliación
Xeral	81.936
Agrario	1.726
Fogar	3.033
Autónomo	32.578
Mar	1.408

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

Afiliación provincia Lugo




A provincia de Lugo rexistra a maior incidencia de persoas traballadoras por conta propia de toda Galicia: as 32.578 persoas afiliadas ao réxime de traballo autónomo acadan o 27% do total da afiliación.

Provincia de Ourense: afiliación por réximes

Ourense. Decembro 2021 Réximes	Afiliación
Xeral	74.920
Agrario	393
Fogar	2.825
Autónomo	23.134
Mar	-

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

Afiliación provincia de Ourense




A provincia de Ourense tamén presenta unha porcentaxe de autónomos superior á media do conxunto de Galicia. As 23.134 afiliacións a este réxime supoñen o 23% do total da afiliación.

Provincia de Pontevedra: afiliación por réximes

Pontevedra. Decembro 2021 Réximes	Afiliación
Xeral	263.306
Agrario	1.337
Fogar	8.131
Autónomo	67.625
Mar	12.245

Fonte: IGE. Afiliacións a último día do mes

Afiliación provincia de Pontevedra



A afiliación ao réxime autónomo na provincia de Pontevedra acada 67.625 efectivos, a segunda cifra máis alta despois da rexistrada na Coruña, a pesar diso, o peso porcentual destes traballadores por conta propia rexistra o índice máis baixo de Galicia, concretamente, sitúase no 19,2%, o que supón que menos de unha de cada cinco afiliacións á Seguridade Social na provincia e Pontevedra pertence a este réxime.

2.3 VARIACIÓNS ANUAIS DE AFILIACIÓN

EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS AO RETA E DO TOTAL DA AFILIACIÓN. GALICIA

Nos últimos 15 anos o mercado laboral estivo condicionado por dúas crises. A primeira iniciada en 2008 como consecuencia do estoupido da burbulla inmobiliaria, e a segunda en 2020 polo efecto da Covid-19. Esta circunstancia reflíctese claramente na evolución da afiliación á Seguridade social. Entre 2009 e 2013, o volume de cotizacións caeu de xeito xeneralizado. A recuperación iniciada en 2014 supuxo un incremento da afiliación que volveu a caer no ano 2020, polo efecto da pandemia. A cifra de afiliación máis alta que se rexistrou en Galicia (1.072.535) correspondeu ao ano 2008, e a pesar da recuperación da economía rexistrada en anos posteriores (2014-2019), non se conseguiu recuperar a totalidade do emprego perdido: en 2019 a afiliación acadou un volume de 1.015.254; é dicir 57.281 afiliacións menos que en 2008. A crise sanitaria conduciu de novo a unha caída da ocupación que afectou ao ano 2020, aínda que en 2021 recuperouse case a totalidade da afiliación perdida o ano anterior.

A evolución do réxime de autónomos foi peor. A caída iniciouse en 2008, e a perda de afiliación neste colectivo foi unha constante nos últimos catorce anos: os únicos que rexistraron unha evolución positiva foron 2014, 2015, e este último ano 2021. A pesar disto, o crecemento deste último ano non compensou a perda de emprego autónomo rexistrada en 2019: só se recuperou o 36% da afiliación perdida o ano anterior.

Ano	Var. Total afiliación	Var. RETA
2007	37.606	1.809
2008	2.399	-2.514
2009	-42.910	-7.639
2010	-22.178	-5.980
2011	-27.167	-3.976
2012	-39.094	-3.072
2013	-27.431	-1.892
2014	5.051	2.282
2015	18.608	1.425
2016	16.361	-1.165
2017	20.037	-1.966
2018	23.964	-1.898
2019	17.478	-2.414
2020	-19.228	-2.551
2021	18.359	911

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

En 2019 e 2020 conséctase un descenso no número de afiliacións ao RETA. Durante o ano 2019, a caída neste réxime contrasta co crecemento da afiliación en xeral, mentres que en 2020 o descenso afecta a todos os réximes. O ano 2021 supuxo un aumento da afiliación xeral que tamén afectou ao emprego autónomo, aínda que en menor medida: a afiliación total medrou un 1,84%, mentres que a de autónomos o fixo nun 0,44%. Sen embargo, a pesar do avance do último ano, en 2021 as persoas traballadoras autónomas galegas rexistran 1.640 afiliacións menos que no ano 2019.

Galicia	RETA	Var. anual RETA %	Peso do RETA con respecto ao total da afiliación (%)	Total afiliación	Var. total da afiliación %
2019	210.143	-1,14	20,70	1.015.254	1,75
2020	207.592	-1,21	20,84	996.026	-1,89
2021	208.503	0,44	20,55	1.014.385	1,84

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

VARIACIÓN DE EMPREGO AUTÓNOMO

Variación por provincias

RETA	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2019	85.406	33.988	23.751	66.998
2020	84.293	33.323	23.334	66.641
2021	84.803	32.903	23.233	67.565
Variación (%)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2020	-1,3	-1,96	-1,76	-0,53
2021	0,61	-1,26	-0,43	1,39

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

Nas catro provincias galegas rexistrouse un descenso da afiliación ao RETA no ano 2020. No ano 2021 aumentou en Pontevedra e na Coruña, aínda que nesta provincia en menor medida; pola contra Ourense, e especialmente Lugo, continuaron a perder persoas traballadoras autónomas.

Variación por sexo

Na súa evolución por xénero, a afiliación autónoma nos últimos dous anos experimentou unha contracción en ambos os dous sexos. A perda de autoemprego entre as mulleres foi superior: entre 2019 e 2021 a afiliación feminina caeu en 1.429, mentres que a perda do colectivo masculino foi máis moderada (-210).


No ano 2020 rexistráronse na Seguridade Social un total de 1.163 homes autónomos menos que en 2019, mentres que no caso das mulleres o descenso foi de 1.386. O ano 2021 rexistra unha perda de 43 mulleres autónomas con respecto a 2020; mentres que nos homes traballadores por conta propia, rexistrouse un incremento de 953 afiliacións.

Na porcentaxe de variación interanual destes dous últimos anos obsérvase esta evolución dispar. O descenso resultou ser máis acusado entre a poboación autónoma feminina en 2020 e seguiu a caer en 2021, mentres que a afiliación masculina reflectiu un incremento do autoemprego en 2021.

Galicia RETA	2019	2020	2021
Home	123.427	122.264	123.217
Muller	86.715	85.329	85.286

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

Variación persoas traballadoras autónomas 2020/2021 por xénero (%). Galicia




Variación por grupos de idade

O descenso nos dous últimos anos repercutiu entre os traballadores de menor idade. En 2020 afectou aos de idades comprendidas entre os 16 e os 44 anos, mentres que a poboación de 45 anos en diante incrementou o seu volume de afiliación. Na evolución anual de 2021, o número de traballadores por conta propia menores de 29 anos ascendeu un 2,23%. O único grupo de idade onde caeu a afiliación entre as persoas traballadoras autónomas foi o que vai de 30 a 44 anos.

Galicia. RETA	2019	2020	2021
16 a 29	10.849	10.306	10.536
30 a 44	71.159	67.700	65.920
45 a 54	65.852	66.101	67.132
55 e máis	62.283	63.486	64.915

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

Variación persoas traballadoras autónomas 2020/2021 por grupos de idade (%)




Nos dous segmentos de maior idade o incremento no réxime autónomo foi unha constante nos últimos dous anos. En cambio, os menores de 29, a pesar de remontar en 2021, rematan con menos afiliación que a que rexistraban en 2019. Esta caída resulta especialmente notable entre o colectivo de entre 30 e 44 anos que veu como o ritmo de descenso do emprego autónomo nos últimos dous anos foi dun -7,4% e supuxo 5.239 afiliacións menos.

2.4. AFILIACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE

As persoas traballadoras autónomas galegas na súa distribución segundo os sectores de actividade ofrecen un claro predominio do sector servizos; concretamente, este aglutinaba a 141.080 traballadores e traballadoras por conta propia en 2021, o que supón o 68% do emprego autónomo. O resto da afiliación neste réxime repártese entre os outros tres sectores, coa construción e o primario cun 13%, seguidos do sector secundario, con tan só un 6%.

Galicia. RETA		2021
SECTOR PRIMARIO		27.026
SECTOR SECUNDARIO		13.092
SECTOR CONSTRUCCIÓN		27.305
SECTOR SERVICIOS		141.080

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.



Dentro do panorama xeral de descenso da afiliación intersectorial de persoas autónomas nos dous últimos anos, obsérvase un reponte no sector dos servizos e no da construción na evolución anual do ano 2021. Nestes dous sectores invértese a tendencia do ano 2020; deste xeito, obsérvase que a afiliación por conta propia a estes réximes, rexistra en 2021 un maior volume que o que presentaba en 2019. Este feito representa en termos porcentuais unha variación

interanual positiva na construción do 1,93%, o que supón pasar de 26.787 afiliacións a 27.305. No resto de sectores, o descenso máis acusado é o rexistrado no sector primario, que supuxo un descenso interanual do 3,30% e do 3,65% nos anos 2020 e 2021, respectivamente. Tamén cómpre destacar dentro da industria unha menor caída que no primario, especialmente en 2021, aínda así, o ritmo de caída de 2020 foi de case un 2%, mentres que en 2021 o descenso foi mínimo (-0,08%) e podemos falar de certa estabilidade.

RETA	Primario	Secundario	Construción	Servizos
2019	29.007	13.363	26.850	140.923
2020	28.050	13.102	26.787	139.653
2021	27.026	13.092	27.305	141.080

Variación (%)	Primario	Secundario	Construción	Servizos
2020	-3,30	-1,95	-0,23	-0,90
2021	-3,65	-0,08	1,93	1,02

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.


POR PROVINCIAS

Provincia de A Coruña

Dentro da perspectiva intersectorial provincial, a provincia da Coruña presenta unha distribución sectorial da afiliación autónoma similar á do conxunto de Galicia, cun predominio lixeiramente superior do sector servizos.

RETA	Primario	Secundario	Construción	Servizos	Total
2019	10.262	5.076	10.946	59.121	85.405
2020	9.830	4.992	10.915	58.557	84.294
2021	9.412	5.008	11.130	59.253	84.803

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.



Igual que sucede no conxunto de Galicia, en 2020 cae o emprego autónomo nos catro sectores, e a súa vez, o sector da construción e o de servizos incrementan a afiliación en 2021 e logran acadar un maior volume que en 2019. Na provincia da Coruña a afiliación autónoma na industria experimenta tamén unha evolución positiva en 2021. O sector primario presenta o peor balance: unha caída de afiliación tanto en 2020 como en 2021 do 4,2%.

A Coruña	Primario	Secundario	Construción	Servizos	Total
Var. (%) 19/20	-4,21	-1,65	-0,28	-0,95	-1,30
Var. (%) 20/21	-4,25	0,32	1,97	1,19	0,60
Dif.19/20	-432	-84	-31	-564	-1.111
Dif.20/21	-418	16	215	696	509

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.


Provincia de Lugo

O panorama xeral das persoas autónomas na provincia de Lugo presenta unha redistribución sectorial significativamente dispar con respecto ás outras tres provincias e ao conxunto de Galicia. A incidencia do traballo por conta propia no sector primario desta provincia ten un peso moito maior. No ano 2021 este sector aglutinou un total de 10.550 afiliacións, unha cifra que non queda demasiado lonxe dos 16.992 que se rexistraron no sector servizos. En anos anteriores, a importancia do sector primario aínda resultaba máis significativa. En 2019 o sector superaba as once mil afiliacións de autónomos.

En termos porcentuais, pódese observar esta relevancia do sector na provincia. O peso do sector primario acada o 32%, unha porcentaxe moi superior ao 13% que representa no conxunto de Galicia. Pola contra, os sectores da construción e o secundario teñen unha incidencia menor que no conxunto de Galicia.

RETA	Primario	Secundario	Construción	Servizos	Total
2019	11.295	1.715	3.711	17.266	33.987
2020	10.936	1.666	3.704	17.017	33.323
2021	10.550	1.650	3.711	16.992	32.903

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.



A evolución das persoas autónomas na provincia de Lugo nos últimos dous anos foi a peor das catro provincias. Rexistra un descenso xeneralizado en todos os sectores, aínda que con diferente intensidade. A única excepción foi a exigua subida de 7 afiliacións na variación anual de 2021 no sector da construción. O maior descenso rexistrouse no sector primario cun ritmo de baixada por riba do 3% e que mesmo se agudizou en 2021. O sector secundario e os servizos minoraron considerablemente o ritmo de descenso de 2020, aínda así seguiron a perder afiliación en 2021.

Lugo	Primario	Secundario	Construcción	Servizos	Total
Var. (%) 19/20	-3,18	-2,86	-0,19	-1,44	-1,95
Var. (%) 20/21	-3,53	-0,96	0,19	-0,15	-1,26
Dif.19/20	-359	-49	-7	-249	-664
Dif.20/21	-386	-16	7	-25	-420


Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

Provincia de Ourense

Na provincia de Ourense, o sector servizos segue a aglutinar o maior número de afiliacións de persoas autónomas, aínda que o seu peso porcentual é un 3% inferior ao do conxunto de Galicia. As persoas traballadoras autónomas do sector da construción son as segundas máis numerosas, ascendendo a 3.546. A provincia de Ourense presenta a maior incidencia do autoemprego no sector da construción das catro provincias galegas; a porcentaxe de afiliación ao sector acada o 15%, por riba do que representa o autoemprego no sector primario, que é do 12%. O emprego autónomo en Ourense no sector secundario tamén amosa un peso porcentual por encima da media de Galicia, cunha porcentaxe do 8%.

RETA	Primario	Secundario	Construcción	Servizos	Total
2019	2.972	1.866	3.602	15.312	23.752
2020	2.909	1.805	3.533	15.088	23.335
2021	2.827	1.759	3.546	15.101	23.233

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.



O descenso xeneralizado que presenta o emprego autónomo nesta provincia nos dous últimos anos afecta a todos os sectores, a pesar disto na evolución anual de 2021 o sector dos servizos e da construción incrementaron en 13 afiliacións o seu volume de autónomos. En xeral, o descenso de actividade do traballo autónomo na provincia foi superior en 2020. A caída en 2021 ralentizouse levemente na industria, mentres que no primario, a perda de emprego autónomo agudizouse en 2021.

Ourense	Primario	Secundario	Construción	Servizos	Total
Var. (%) 19/20	-2,12	-3,27	-1,92	-1,46	-1,76
Var. (%) 20/21	-2,82	-2,55	0,37	0,09	-0,44
Dif.19/20	-63	-61	-69	-224	-417
Dif.20/21	-82	-46	13	13	-102


Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

Provincia de Pontevedra

A maior porcentaxe de persoas autónomas empregadas no sector servizos atópase na provincia de Pontevedra. O 74% da afiliación de emprego autónomo da provincia encóntranse neste sector. Pola contra, os 4.238 do sector primario representan o 6% do total, o que supón o menor peso porcentual das catro provincias. O sector da construción aglutina o 13% do emprego autónomo da provincia, mentres que o sector secundario ten un 7% de afiliación neste réxime de cotización.

RETA	Primario	Secundario	Construción	Servizos	Total
2019	4.477	4.706	8.591	49.225	66.999
2020	4.375	4.640	8.635	48.991	66.641
2021	4.238	4.674	8.919	49.734	67.565

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.



Pontevedra foi a única provincia que gañou persoas traballadoras autónomas entre 2019 e 2021, concretamente 566; e iso a pesar da caída de afiliación en 2020 que supuxo 358 afiliacións menos que en 2019. A variación interanual de 2020 presenta un descenso xeneralizado da afiliación de autónomos, agás na construción que medrou en 44 afiliacións. En 2021 o incremento intersectorial anual foi a norma, agás a única excepción do sector primario que volveu a destruír emprego autónomo e incluso en maior medida que en 2020. No sector da construción, a tendencia de creación de emprego viuse incrementada no último ano en 284 afiliacións, o que supuxo o maior ritmo de crecemento cun 3,3%. Os servizos acadaron en 2021, 743 afiliacións máis que en 2020.

Pontevedra	Primario	Secundario	Construción	Servizos	Total
Var. (%) 19/20	-2,28	-1,40	0,51	-0,48	-0,53
Var. (%) 20/21	-3,13	0,73	3,29	1,52	1,39
Dif. 19/20	-102	-66	44	-234	-358
Dif. 20/21	-137	34	284	743	924

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.


2.5. AFILIACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POR ACTIVIDADE ECONÓMICA

Das 27.026 afiliacións do réxime autónomo no sector primario, 25.128 corresponden a actividades relacionadas coa gandaría e a agricultura. O emprego por conta propia do primario concéntranse case exclusivamente nesta actividade. No resto de sectores, as actividades económicas onde se ocupan as persoas traballadoras autónomas están moito máis repartidas. De todos os xeitos, máis do 70% desempeñan a súa actividade laboral nestas dez actividades económicas.


Os traballadores por conta propia da agricultura e gandaría aparecen como segunda actividade económica máis destacada. A que concentra o maior volume de afiliación neste réxime está encadrada no sector dos servizos, trátase do comercio ao retallo (14,35%). O resto de actividades pertencen tamén a este sector, ao que hai que engadir as actividades de construción especializada e a construción de edificios.

10 actividades económicas (CNAE-09) máis destacadas entre as afiliacións ao RETA. Galicia 2021	Nº afiliacións	Peso sobre o total do RETA
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	29.920	14,35%
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	25.128	12,05%
56 Servizos de comidas e bebidas	19.923	9,56%
43 Actividades de construción especializada	18.737	8,99%
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	11.832	5,67%
49 Transporte terrestre e por tubaxe	10.331	4,95%
96 Outros servizos persoais	9.484	4,55%
41 Construción de edificios	8.122	3,90%
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	6.583	3,16%
86 Actividades sanitarias	6.200	2,97%

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.




10 principais actividades económicas entre as persoas
traballadoras autónomas. Galicia 2021



Dentro destas dez actividades máis destacadas onde se ocupan sete de cada dez persoas autónomas en Galicia, pódese apreciar na súa evolución dende 2020 ata 2021 que cinco rexistraron unha variación positiva e outras cinco negativa. As actividades onde se seguiu a destruír emprego autónomo en 2021 correspondían fundamentalmente á hostalaría e ao sector primario. Pola contra, as actividades encadradas no ámbito da sanidade e servizos asistenciais, xunto coas de construción e as de transporte, obtiveron unha evolución positiva.

A variación do emprego autónomo oscila entre o 3,54% das actividades sanitarias e o -4,09% da agricultura e gandería.

Variación 2020-2021 das 10 principais actividades de emprego autónomo (%). Galicia



POR PROVINCIAS

Provincia de A Coruña


As actividades económicas onde se empregan maioritariamente os traballadores e traballadoras por conta propia da provincia da Coruña coinciden coas do conxunto de Galicia. A única diferenza fai referencia á substitución das de venda e reparación de vehículos de motor, pola educación que constitúe a décima actividade que aglutina maior número de persoas autónomas na provincia da Coruña. A porcentaxe de afiliación de emprego autónomo englobada nestas dez principais ocupacións acada o 69% do total.

10 actividades económicas (CNAE-09) máis destacadas entre as afiliacións ao RETA. A Coruña 2021	Nº afiliacións	Peso sobre o total do RETA
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	11.965	14,11 %
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	8.619	10,16 %
56 Servizos de comidas e bebidas	8.614	10,16 %
43 Actividades de construción especializada	7.841	9,25 %
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.464	5,26 %
96 Outros servizos persoais	4.030	4,75 %
49 Transporte terrestre e por tubaxe	3.981	4,69 %
41 Construción de edificios	3.172	3,74 %
86 Actividades sanitarias	2.737	3,23 %
85 Educación	2.702	3,19 %

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

A evolución no ano 2021 das dez actividades económicas onde se empregan a maioría das persoas autónomas da provincia de A Coruña rexistra o maior descenso nas actividades agrogandeiras, seguidas en menor medida polos servizos de comidas e bebidas e as actividades de comercio. Pola contra, a construción, as actividades sanitarias e de servizos asistenciais, así como a educación gañaron afiliación en 2021.

Variación 2020-2021 das 10 principais actividades de emprego autónomo na Provincia de A Coruña



Provincia de Lugo


Na provincia de Lugo coinciden as mesmas dez principais actividades económicas de Galicia. A novidade vén dada pola maior importancia da agricultura e gandería que despraza ao comercio como principal actividade económica do autoemprego con máis de dez mil traballadores autónomos. O 78% das persoas afiliadas ao réxime de cotización de autónomos están incluídas nestas dez actividades económicas. O 31% das persoas autónomas da provincia desempeñan o seu traballo en actividades relacionadas coa agricultura e gandería, é dicir case 1 de cada 3. A moita distancia aparecen os autónomos que traballan en actividades de comercio ao retallo, con 3.676 persoas. O resto das actividades caen por debaixo do 10% de representatividade.

10 actividades económicas (CNAE-09) máis destacadas entre as afiliacións ao RETA. Lugo 2021	Nº afiliacións	Peso sobre o total do RETA
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	10.091	30,67 %
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	3.676	11,17 %
56 Servizos de comidas e bebidas	2.320	7,05 %
43 Actividades de construción especializada	2.195	6,67 %
49 Transporte terrestre e por tubaxe	1.839	5,59 %
41 Construción de edificios	1.487	4,52 %
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.382	4,20 %
96 Outros servizos persoais	1.091	3,32 %
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.037	3,15 %
86 Actividades sanitarias	649	1,97 %

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

O sector agrogandeiro e, en menor medida, a hostalaría lideran o descenso da afiliación en 2021. As actividades sanitarias e as de construción especializada son os que máis aumentan, aínda que cun incremento moi moderado.

Variación 2020-2021 das 10 principais actividades de emprego autónomo na Provincia de Lugo



Provincia de Ourense


Na provincia de Ourense tamén coinciden co total de Galicia nove das dez principais actividades económicas onde se empregan as persoas autónomas da provincia. A nova incorporación son as da educación. As actividades económicas que xeran máis postos de traballo no emprego autónomo ourensán son, como no resto de Galicia, o comercio ao retallo e a agricultura e gandería, con máis de seis mil afiliados entre as dúas e case un 26% de peso porcentual. Nesta provincia tamén se destaca a importancia das actividades de construción especializada e os servizos de comidas e bebidas que representan máis do 10% cada unha. En total, nestas dez actividades económicas traballan o 71% do total do autoemprego da provincia de Ourense.

10 actividades económicas (CNAE-09) máis destacadas entre as afiliacións ao RETA. Ourense 2021	Nº afiliacións	Peso sobre o total do RETA
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	3.399	14,63 %
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	2.620	11,28 %
43 Actividades de construción especializada	2.506	10,79 %
56 Servizos de comidas e bebidas	2.345	10,09 %
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.143	4,92 %
96 Outros servizos persoais	1.130	4,86 %
49 Transporte terrestre e por tubaxe	1.071	4,61 %
41 Construción de edificios	882	3,80 %
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	831	3,58 %
85 Educación	626	2,69 %

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

A maior caída rexistrouse nas actividades relacionadas coa gandería e a agricultura, con 94 traballadores menos. O descenso tamén afectou a outras actividades destacadas entre o emprego autónomo, como é o caso dos servizos de comidas e bebidas; o comercio ao retallo e por xunto tamén descendieron. A destrución de emprego autónomo afectou en menor medida á venta e reparación de vehículos de motor. Pola contra, aumentou o número en actividades relacionadas con outros servizos persoais, a construción e o transporte.

Variación 2020-2021 das 10 principais actividades de emprego autónomo na Provincia de Ourense



Provincia de Pontevedra


Na provincia de Pontevedra coinciden as dez principais actividades en que se empregan as persoas autónomas coas do total de Galicia, aínda que con distinto nivel de incidencia. Así, por exemplo, a agricultura e gandería rexistra un menor peso específico que no conxunto de Galicia. Dentro das actividades económicas, constátase que o comercio ao retallo é o principal viveiro do autoemprego na provincia de Pontevedra; nesta actividade rexistráronse 10.880 afiliacións en 2021, o que supuxo unha cota de participación do 16,1%. Nos servizos de comidas e bebidas empregáronse 6.645 persoas, e máis de seis mil rexistráronse en actividades de construción especializada.

10 actividades económicas (CNAE-09) máis destacadas entre as afiliacións ao RETA. Pontevedra 2021	Nº afiliacións	Peso sobre o total do RETA
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	10.880	16,10 %
Servizos de comidas e bebidas	6.645	9,83 %
Actividades de construción especializada	6.195	9,17 %
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.843	7,17 %
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	3.798	5,62 %
Transporte terrestre e por tubaxe	3.440	5,09 %
Outros servizos persoais	3.233	4,79 %
Construción de edificios	2.581	3,82 %
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.203	3,26 %
Actividades sanitarias	2.196	3,25 %

Fonte: IGE. Afiliacións ao último día do mes. Datos en media anual.

A maioría destas actividades, onde se concentran o 68,1% do total do total das persoas autónomas da provincia, experimentaron en 2021 unha evolución positiva con respecto a 2020. As excepcións viñeron dadas polo descenso detectado no sector agrogandeiro, en actividades relacionadas cos servizos de comidas e bebidas e no comercio ao retallo. O maior incremento porcentual de case un 5% e 104 afiliacións máis, correspondeu ás actividades sanitarias. O maior incremento en termos absolutos foi na construción, especialmente nas actividades de construción especializada con 201 afiliacións máis.


Variación 2020-2021 das 10 principais actividades de emprego autónomo na Provincia de Pontevedra



2.6 AFILIACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOAS NAS COMARCAS GALEGAS

O maior número de persoas autónomas atópase, como era de esperar, nas comarcas máis poboadas. Deste xeito, as comarcas de A Coruña e de Vigo achegan 27.722 e 27.652 afiliacións respectivamente; entre as dúas comarcas rexistran o 27% do total de persoas autónomas de Galicia. A pesar disto, estas dúas comarcas non destacan pola incidencia do emprego por conta propia no seu mercado laboral; de feito, o peso específico da afiliación no réxime autónomo sobre o conxunto da afiliación de ambas comarcas acada porcentaxes do 17,19% e 16,93%, respectivamente; mentres que para o conxunto de Galicia a porcentaxe de participación deste colectivo no total da afiliación era do 20,54%. As comarcas que teñen como cabeceira as sete cidades galegas rexistran porcentaxes inferiores a esta media. A única excepción é Lugo que se sitúa nun 21%.

Número de persoas traballadoras autónomas por comarcas



Dentro das dez comarcas con maior número de persoas autónomas afiliadas aparecen tamén O Salnés, Bergantiños e Deza. No caso do Salnés, trátase dunha comarca poboada que rexistra unha ratio de autoemprego superior á media galega, o que fai que conte con maior número de traballadores por conta propia que Ferrol ou Pontevedra. As comarcas menos poboadas de Deza e Bergantiños rexistran un peso porcentual da afiliación autónoma moi superior ao resto das dez comarcas: Bergantiños supera o 25% e Deza chega ao 33%.


**10 comarcas con maior número de afiliacións ao RETA.
Decembro 2021**

Comarca	Nº afiliacións	Peso sobre o total da afiliación da comarca
A Coruña	27.722	17,19%
Vigo	27.652	16,93%
Santiago	13.277	18,67%
Lugo	9.888	21,07%
Ourense	9.820	18,68%
O Salnés	8.924	21,82%
Pontevedra	8.420	18,49%
Ferrol	8.355	17,12%
Bergantiños	6.324	25,37%
Deza	5.224	33,41%

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social segundo o concello de residencia da persoa afiliada. Datos a último día do mes.

Oito das dez comarcas galegas con maior número de persoas afiliadas ao réxime de cotización de autónomos rexistraron en 2021 un incremento do número de efectivos. Os únicos descenso foron en Lugo e no Deza. O principal aumento do emprego autónomo, en termos porcentuais, tivo lugar no Salnés con 223 afiliacións máis e un ritmo de incremento do 2,56%. As dúas comarcas con maior número de persoas inscritas neste réxime rexistraron os maiores aumentos en termos absolutos: A Coruña viu incrementarse o seu número en 353, e Vigo en 354; non obstante, non se trata das comarcas que experimentaron unha maior creación de emprego autónomo, dado que a súa variación interanual con respecto a 2020 representa unha porcentaxe do 1,3%, por debaixo do Salnés e de Santiago. A maior caída en termos porcentuais correspondeulle á comarca de Deza, cun descenso do 1,6%, e a maior caída en termos absolutos rexistrouse en Lugo con 91 afiliacións menos.

Variación decembro 2020/21 das 10 comarcas con maior número de persoas traballadoras autónomas (%)



Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social segundo o concello de residencia da persoa afiliada. Datos a último día do mes.

Dende outro punto de vista, se observamos as comarcas galegas que rexistran un maior peso porcentual do réxime autónomo sobre o total da afiliación, as primeiras posicións ocúpanas comarcas do interior e pouco poboadas, onde o sector primario ten un peso importante. O total da afiliación por conta propia das dez comarcas con máis peso ascende a 14.604, o que representa o 7% do total do traballo autónomo de Galicia.

Sarria, Xallas, Terra de Soneira e Chantada presentan o maior número de traballadores e traballadoras por conta propia. A Fonsagrada, Meira e Terra de Caldeas achegan unha cifra inferior a mil.


Estas dez comarcas rexistran un peso do autoemprego que oscila entre o 41,65% da Fonsagrada e o 34,04% de Terra de Soneira.

10 comarcas con maior peso das afiliacións ao RETA respecto ao total da afiliación. Decembro 2021

Comarca	Afiliación RETA	Peso sobre o total da afiliación da comarca
A Fonsagrada	698	41,65%
Xallas	1.901	38,88%
Meira	766	38,84%
Os Ancares	1.367	38,70%
Sarria	3.184	37,13%
Chantada	1.703	35,44%
Terra de Melide	1.638	35,27%
A Ulloa	1.145	34,90%
Terra de Caldelas	312	34,44%
Terra de Soneira	1.890	34,04%


Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social segundo o concello de residencia da persoa afiliada. Datos a último día do mes.

Peso do RETA respecto ao total da afiliación por comarca (%)



Estas dez comarcas, agás Terra de Caldelas que permanece invariable, rexistran unha evolución negativa con respecto a 2020. O forte peso da agricultura (que é o sector con peor evolución) entre as persoas autónomas destas comarcas é a causa que explica esta variación negativa. O descenso porcentual oscila entre o 4,5% rexistrado en Meira e o -0,18% de Terra de Melide. A maior caída do auto-emprego produciuse na comarca de Sarria, cun descenso de 90 afiliacións.

Variación decembro 2020/21 das comarcas con maior peso da afiliación ao RETA respecto á afiliación total



Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social segundo o concello de residencia da persoa afiliada. Datos a último día do mes.

2.7 AFILIACIÓN AO RETA DESAGREGADA SEGUNDO A SÚA PROCEDENCIA: AFILIACIÓN NON SETA (SISTEMA NORMAL DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOVAS) OU SETA (SISTEMA ESPECIAL DE PERSOAS TRABALLADORAS AGRARIAS).

No seguinte punto analízanse as estatísticas centrándonos en diferenciar os dous sistemas que, debido aos cambios xerados pola Lei 18/2007, conforman o réxime especial de persoas traballadoras autónomas. En aplicación desta Lei, en xaneiro de 2008 prodúcese a integración no RETA das persoas traballadoras por conta propia do réxime especial agrario.

Deste xeito, diferénciase nos datos totais (RETA) entre a afiliación rexistrada no sistema especial de persoas traballadoras agrarias (afiliación SETA) e a afiliación rexistrada no réxime normal de persoas traballadoras autónomas (afiliación non SETA). (RETA=SETA + non SETA).

Os datos analizados están referidos á media de decembro de 2021.


Decembro 2021	RETA		
	Non SETA	SETA	TOTAL
A Coruña	77.864	7.275	85.139
Lugo	23.847	8.877	32.724
Ourense	21.611	1.613	23.224
Pontevedra	64.972	2.950	67.922
GALICIA	188.294	20.714	209.008
ESPAÑA	3.151.604	176.794	3.328.398

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

Nove de cada dez persoas traballadoras autónomas pertencen ao sistema non SETA (o sistema "normal" de traballo autónomo) e os restantes ao SETA (9,91%), é dicir, o antigo sistema por conta propia do réxime especial agrario. No conxunto estatal, este colectivo de afiliados ao sistema SETA supón unha porcentaxe moito menor, un 5,31 % do total do emprego por conta propia.




% Sistemas SETA e NON SETA respecto ao RETA



A pesar do declive dos últimos anos, o traballo no campo segue a ser importante e forma parte de maneira esencial do tecido da ruralidade, sobre todo nas comunidades do norte de España. Galicia, con 20.714 persoas traballadoras, é a terceira comunidade autónoma española en canto a volume de afiliación no sistema SETA, só por detrás de Andalucía e Castela e León.

Evidénciase o peso tan importante que ten esta actividade na provincia de Lugo; o antigo sistema especial agrario supón nesta provincia o 27,13% do total da afiliación do emprego autónomo en decembro de 2021. Non hai que esquecer que o peso deste colectivo no conxunto do Estado é do 5,31%, e en Galicia do 9,91%.

Variación 2020/2021 dos sistemas SETA e NON SETA




Observando as variacións producidas entre 2020-2021, compróbase a perda de afiliación en todas e cada unha das provincias galegas, así como no conxunto do Estado, no sistema autónomo agrario. Este dato contrasta coa evolución positiva que en 2021 tiveron o resto de traballadores por conta propia.

O SETA experimenta unha caída porcentual máis acentuada en Galicia que no conxunto do Estado. As provincias de Ourense e A Coruña son as que sofren unha baixada máis notoria. Esta perda significa que de 2020 a 2021 Galicia ten 1.300 persoas menos rexistradas neste sistema, mentres que no sistema normal a subida é de 2.452 persoas.

2.8 O EMPREGO AUTÓNOMO DE PERSOAS ESTRANXEIRAS EN GALICIA

Segundo os datos de afiliación extraídos das estatísticas da Seguridade Social, Galicia tiña en decembro de 2021 un total de 8.157 afiliacións de persoas traballadoras autónomas con nacionalidade estranxeira, cifra que significa o 3,90% do total do autoemprego rexistrado na nosa comunidade.

% Afiliación ao RETA de persoas estranxeiras respecto ao total de Galicia. Decembro de 2021



A Coruña e Pontevedra acaparan máis das tres cuartas partes da afiliación estranxeira galega ao RETA. De 2019 a 2021 todas as provincias, con A Coruña á cabeza, incrementan a afiliación de persoas autónomas estranxeiras. O incremento que experimentou Galicia neste colectivo nos dous últimos anos foi considerablemente superior ao aumento rexistrado no conxunto do Estado.

A comunidade autónoma galega gaña desde 2019 un total de 1.260 persoas autónomas estranxeiras, o que supón un incremento do 18%. Este ritmo de aumento foi superior ao estatal (11%).

A filiación ao RETA de persoas estranxeiras	Decembro 2019	Decembro 2020	Decembro 2021	Variación anual (%)	
				19/20	20/21
A Coruña	2.676	2.950	3.267	10,24%	10,75%
Lugo	742	839	885	13,07%	5,48%
Ourense	886	968	1.056	9,26%	9,09%
Pontevedra	2.593	2.784	2.949	7,37%	5,93%
GALICIA	6.897	7.541	8.157	9,34%	8,17%
ESPAÑA	346.466	364.696	383.340	5,26%	5,11%

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais


Pódese observar como o peso relativo das persoas autónomas estranxeiras dentro do total da afiliación de persoas estranxeiras crece desde 2019. Nese ano o 17,87% dos seus cotizantes eran autónomos; en cambio, en 2021 esa porcentaxe sobe ata o 17,96%. Pontevedra e A Coruña son as provincias galegas que presentan un maior peso relativo do autoemprego de nacionalidade estranxeira en relación ao total da afiliación estranxeira, chegando a acadar o 18,97% e 18,76% do total da afiliación.

A filiación de persoas estranxeiras. Decembro 2021	Todos os réximes	RETA
A Coruña	17.416	3.267
Lugo	6.559	885
Ourense	5.897	1.056
Pontevedra	15.543	2.949
GALICIA	45.415	8.157

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

A pesar do reponte de cotización que nos últimos anos están a mostrar as mulleres estranxeiras que optan por rexistrarse como autónomas no noso sistema da Seguridade Social, os homes seguen sendo o colectivo máis numeroso (58% fronte ao 42%). O colectivo masculino predomina nas catro provincias.

Afiliación RETA en Galicia con nacionalidade estranxeira por xénero



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

Por provincias, Ourense cun 44% e A Coruña cun 43,5% son as que obteñen unhas porcentaxes máis elevadas de cotización feminina con nacionalidade estranxeira. As mulleres inmigrantes representan así unha importante “canteira” para o traballo autónomo.

SEGUNDO A SÚA NACIONALIDADE

Os datos facilitados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social en decembro de 2021 serven para analizar a composición da afiliación de persoas traballadoras autónomas estranxeiras en Galicia segundo a súa pertenza ou non á Comunidade Europea. Un total de 2.858 persoas traballadoras residentes na autonomía galega proveñen da Unión Europea, mentres que 5.299, o fan desde outros países de fóra da UE.

	Unión Europea	Non Unión Europea
A Coruña	974	2.293
Lugo	330	555
Ourense	418	638
Pontevedra	1.136	1.813
Galicia	2.858	5.299

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

Nacionalidades máis significativas entre os estranxeiros comunitarios e os non comunitarios:

UE	Decembro 2021	Variación anual (%)
Portugal	1.308	3,40%
Italia	492	11,31%
Romanía	421	1,69%
Francia	172	4,88%
Alemaña	138	3,76%
Non UE	Decembro 2021	Variación anual (%)
China	1.078	2,08%
Venezuela	902	23,73%
Brasil	542	7,33%
Colombia	292	13,62%
Marrocos	289	24,03%
Arxentina	259	14,10%
Rep. Dominicana	208	5,05%

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

Como era de agardar, o país veciño Portugal, pola súa proximidade con Galicia, é aquel que subministra un maior volume de estranxeiros e estranxeiras por conta propia á nosa comunidade autónoma, seguido moi de lonxe por Italia e Romanía. No caso de Italia, hai que ter en conta que a maioría das persoas estranxeiras proveñen de Arxentina e Uruguai, aínda que teñen a dobre nacionalidade.

China convértese na nacionalidade que máis persoas traballadoras autónomas achega de todas as non comunitarias; de feito, un de cada cinco cotizantes autónomos non comunitarios ten esta nacionalidade. A continuación sitúanse venezolanos e brasileiros, e en menor medida colombianos e marroquís.

Analizando a evolución destes segundo os seus países de procedencia, pódese ver como nos últimos doce meses os cotizantes autónomos non procedentes da Unión Europea gañaron 500 afiliacións e, ao mesmo tempo a cotización de estranxeiros autónomos de nacionalidade extracomunitaria creceu en 637.

O número de cotizantes autónomos marroquís rexistrou un incremento dun 24,03% nas inscricións con respecto ao exercicio precedente, unha evolución importante, seguida moi de preto co notorio aumento está a experimentar o autoemprego entre a comunidade venezolana (23,73%).

Entre as cinco nacionalidades comunitarias máis frecuentes, Italia, Francia e Alemaña son as de maior crecemento do emprego autónomo no último ano. Sen embargo, non hai que esquecer a particularidade do caso italiano, onde a grande maioría das persoas estranxeiras que chegan a Galicia son latinoamericanos nacionalizados italianos.

SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA

Os afiliados e afiliadas con nacionalidade estranxeira que traballan en Galicia pertencen maioritariamente aos sectores da hostalaría e o comercio; destacan tamén a industria manufactureira e a construción.

A cuarta parte das persoas estranxeiras que se dedican ao comercio, a hostalaría e a construción na nosa Comunidade, traballan por conta propia.

10 Seccións de actividade (CNAE-09) máis relevantes entre a afiliación ao RETA de persoas estranxeiras	Afiliación ao RETA de persoas estranxeiras	Afiliación persoas estranxeiras (incl. Réx xeral e RETA)
G comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.313	6.682
I hostalaría	1.493	7.911
F construción	836	4.100
S outros servizos	568	1.264
H transporte e almacenamento	512	3.107
P educación	451	1.612
M actividades profesionais, científicas e técnicas	412	1.189
A agricultura, gandería, silvicultura e pesca	405	1.144
N actividades administrativas e servizos auxiliares	392	2.917
C industria manufactureira	247	4.118
Total	8.157	38.964

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

O comercio e hostalaría teñen unha maior importancia entre as persoas traballadoras non pertencentes á Unión Europea, os afiliados e afiliadas de nacionalidade chinesa son maioritarios neste colectivo e optan por actividades que na súa maior parte se reparten entre restaurantes, tendas de venda ao retallo e negocios de distribución de venda por xunto que sirvan de provisión de produtos.


A construción ten un peso maior nos cidadáns e cidadás de procedencia europea, sobre todo entre os de Romanía e Portugal.

2.9 A SITUACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO GALEGO EN RELACIÓN CO CONXUNTO NACIONAL

Galicia, segundo as afiliacións medias en decembro de 2021, conta con 209.008 afiliacións ao RETA, convértese na quinta comunidade autónoma española por volume de cotización neste réxime. Este dato significa que, do total de persoas traballadoras autónomas que se rexistran no territorio nacional, o 5,21% son galegas.

A visión varía se temos en conta o peso específico que o emprego autónomo ten en cada territorio en relación co total de afiliacións de todos os réximes. En Galicia unha de cada cinco afiliacións á Seguridade Social é no réxime autónomo, o que a converte na terceira comunidade autónoma con maior peso deste colectivo, tras Illes Balears e Castilla y León. A nivel estatal, a proporción baixa ata un 16,79%.


Peso do RETA sobre o total da afiliación por CCAA.
Decembro 2021



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

Hai un total de 56.990 afiliacións máis de persoas traballadoras autónomas no último ano en España, o que supón un ascenso dun 1,74%. Galicia, aínda que con datos tamén positivos, experimenta un incremento algo inferior ao acontecido no territorio nacional, un 0,55% (1.152 afiliacións máis que en 2020), sendo a cuarta comunidade autónoma con menor aumento de cotización dentro do colectivo autónomo.

Variación anual das afiliacións ao RETA por CCAA. Decembro 2021



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Afiliacións medias mensuais

Galicia é a segunda comunidade autónoma, tras Asturias, coa maior proporción de mulleres autónomas con respecto aos homes, contando cun 40,93% de mulleres no total da afiliación neste sistema. No conxunto nacional, a porcentaxe baixa ata un 36,23%.





3

**PERSOAS OCUPADAS
POR CONTA PROPIA
SEGUNDO A ENQUISA
DE POBOACIÓN ACTIVA**

PERSOAS OCUPADAS POR CONTA PROPIA SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

3.1 EVOLUCIÓN

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) explotada polo Instituto Nacional de Estatística, considera as persoas cunha actividade por conta propia aquelas que exercen unha actividade como tal, como persoas empresarias, traballadoras independentes, membros de cooperativas que traballan nestas e persoas traballadoras familiares non remuneradas (axudas familiares).

Non se consideran ocupadas por conta propia as seguintes persoas:

- As que se ocupan do seu fogar sen remuneración, aquelas que prestan servizos sociais non remunerados ou de carácter benéfico, etc.
- As persoas traballadoras estacionais por conta propia e as traballadoras estacionais u ocasionais familiares non remuneradas na temporada de menos actividade que non traballaran na semana de referencia.

Persoas ocupadas por conta propia. Cuarto trimestre de 2021

Ocupados por conta propia. Cuarto trimestre de 2021	Total	Homes	Mulleres
Persoa traballadora por conta propia	206,6	124,4	82,2
Persoa empregadora	68,1	43,3	24,8
Persoa traballadora independente ou empresaria sen persoal asalariado	131,1	77,7	53,4
Membro de cooperativa	1	0,4	0,6
Axuda familiar	6,3	2,9	3,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa. Datos en miles de persoas.


Segundo esta definición e analizando os datos do cuarto trimestre de 2021, Galicia ten un total de 206.600 persoas ocupadas por conta propia, 124.400 homes e 82.200 mulleres.

O 63,5% do total de persoas ocupadas son empresarias que non teñen persoal asalariado ou son traballadoras independentes, esta é a situación máis común entre o emprego autónomo galego. Tras eles estarían as persoas empregadoras (33,0%), as persoas traballadoras familiares non remuneradas (axuda familiar) cun 3,0% e por último, os membros das cooperativas (0,5%).

As cooperativas son sociedades mercantís de capital variable que, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, desenvolven unha empresa de propiedade conxunta de todas as persoas asociadas. Tanto nesta categoría como na de axuda na empresa ou negocio familiar pódese ver que as mulleres superan aos homes en ocupación. Mentres que no caso das persoas empregadoras e empresarias sen persoal asalariado destacan os homes.

Nos últimos cinco anos o número de persoas traballadoras por conta propia foi descendendo progresivamente en Galicia experimentando unha baixada global no período dun 7,7%, afectando en maior medida ás mulleres (-10,6%) que aos homes (-5,8%).

Evolución das persoas traballadoras por conta propia por sexo. 2016-2021




Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa. Datos en miles de persoas.

Segundo a súa situación profesional e sexo


Neste punto resulta de interese analizar a evolución nos últimos dous anos, comparando a situación previa á pandemia da COVID-19 das persoas traballadoras por conta propia nas súas distintas modalidades.

Aínda que nos últimos dous anos diminuíu o número persoas traballadoras por conta propia un 2,6%; pódese observar un incremento no número de persoas empregadoras (2,1%), afectando á subida soamente ao colectivo masculino (8,5%), e persoas traballadoras familiares non remuneradas (28,6%), chegando a acadar no ano 2021 un total de 68.100 persoas e 6.300 persoas respectivamente. A pesar deste incremento, continúan destacando as persoas que son traballadoras independentes, aínda que decreceu o seu peso nos últimos anos, pasando dun 65,5% do total no cuarto trimestre do 2019 a un 63,5% do total no cuarto trimestre do 2021. Tanto nas persoas traballadoras independentes como nos membros de cooperativas o descenso nestes dous últimos anos foi menos intenso nas mulleres que nos homes.

Variación da ocupación por conta propia TIV2019-TIV2021 segundo situación profesional por sexo



Evolución persoas traballadoras por conta propia segundo a situación profesional. TIV2019-TIV2021




Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa. Datos en miles de persoas

3.2 DATOS POR PROVINCIAS

Lugo é a única provincia que está por riba da media galega en porcentaxe de persoas ocupadas por conta propia respecto ao total da ocupación, cun 27,1% de acordo cos datos do cuarto trimestre de 2021.


Peso relativo das persoas ocupadas por conta propia sobre o total da ocupación. Galicia e provincias cuarto trimestre de 2021



Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa. Datos en porcentaxe.

Mentres que as provincias de A Coruña e Pontevedra destacan por ser as provincias que máis persoas ocupadas por conta propia teñen, acaparando entre as dúas o 73,3% do volume de persoas autónomas galegas.

Peso das persoas ocupadas por conta propia de cada provincia sobre o total galego. TIV2021



Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa. Datos en porcentaxe.

Nos gráficos que se mostran a continuación pódese observar a porcentaxe de persoas traballadoras por conta propia que pertencen a cada situación profesional:



A situación profesional que máis destaca nas catro provincias, no referente a traballos por conta propia, é a da persoa traballadora independente ou empresaria sen persoal asalariado; sendo na provincia de Ourense onde acadan unha maior representación (68,2%). No relativo ás persoas empresarias con persoal asalariado destaca a provincia de A Coruña (37,0%) e nas axudas familiares, Lugo (4,1%).


3.3 DATOS DE PERSOAS EMPRESARIAS CON OU SEN PERSOAL ASALARIADO

A continuación, analízanse dunha forma máis detallada os datos das persoas empresarias con persoal asalariado (empregadoras) ou sen persoal asalariado (traballadoras independentes) en Galicia.

Segundo a súa idade

Nesta gráfica pódese ver que as persoas traballadoras independentes nas franxas máis baixas e tamén nas máis alta teñen maior representatividade que as persoas empregadoras.


Peso de cada grupo de idade sobre o total das persoas empresarias con ou sen persoal asalariado. TIV2021



Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Porcentaxe.

O crecemento máis destacado das persoas empregadoras atópase nas dúas franxas de idade máis avanzadas, chegando a un total de 4.600 persoas máis ocupadas entre ambas. Do mesmo modo, a franxa de idade de 55 e máis, resulta a única que gaña persoas traballadoras independentes nestes dous últimos anos.


Variación absoluta das persoas empresarias con ou sen persoal asalariado por grupos de idade. TIV2019-TIV2021




Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Datos en miles de persoas.

Segundo tipo de xornada

Segundo a Enquisa de Poboación Activa, as persoas autónomas en Galicia traballan maioritariamente a xornada completa, máis do 90% en cada un dos dous colectivos analizados. A xornada parcial resulta unha opción máis escollida polas persoas traballadoras independentes. Cómpre ter en conta que nalgúns profesions liberais coma medicina ou avogacía, levan a cabo actividades polas que teñen que cotizar tanto no réxime xeral da Seguridade Social, coma no réxime especial de persoas traballadoras autónomas (RETA).



Persoas empresarias con ou sen persoal asalariado
por tipo de xornada. TIV2021




Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa.

Entre as mulleres, a porcentaxe de traballadoras a tempo parcial é maior que entre o colectivo masculino, tanto para as empregadoras (o 10,9% das mulleres fronte ao 2,3% dos homes), como para as traballadoras independentes (o 11,6% das mulleres fronte as 5,9% dos homes). As razóns poderían ser a compatibilización do traballo coa vida privada, xa que na maioría dos casos as mulleres seguen a asumir as tarefas domésticas e de coidado de nenos e maiores no fogar.

Segundo sector económico

Ao realizar unha análise por sectores no IV trimestre de 2021, obsérvase como o sector servizos é o que aglutina o maior volume de persoas ocupadas por conta propia, tanto en persoas empresarias con persoal asalariado como sen el. No caso dos outros sectores, constan todos, agás na industria onde o número é semellante, de máis cantidade de persoas empresarias sen persoal asalariado que con el, destacando o caso da agricultura e gandería, onde a diferenza é máis notable.


Persoas empresarias con ou sen persoal asalariado por sector económico. TIV2021



Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Miles de persoas.

Ao comparar o ano 2019 con 2021, destacan, no relativo ás persoas traballadoras independentes, os sectores da construción e servizos pola diminución de efectivos que se produce entre ambos períodos, en contraposición co aumento que se produce no sector pesqueiro. As persoas empregadoras aumentan en todos os sectores, agás na pesca.

Variación absoluta persoas empresarias con ou sen persoal asalariado por sectores. TIV2019-TIV2021




Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa. Miles de persoas.

3.4 COMPARATIVA CON ESPAÑA E UE27

Galicia coas súas 206.600 persoas ocupadas por conta propia sitúase como a quinta comunidade autónoma española por volume destas persoas traballadoras no cuarto trimestre de 2021. Isto quere dicir que de todas as persoas autónomas nacionais, o 6,5% son galegas.

Esta perspectiva cambia se se mide a proporción de persoas traballadoras por conta propia respecto ao total da ocupación de cada territorio, deste xeito Galicia posiciónase como a segunda comunidade autónoma con maior peso de persoas traballadoras autónomas (18,93%), fronte ao 15,84% nacional.

Peso das persoas ocupadas por conta propia en cada CCAA



Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa. Porcentaxes

Aínda así España, segundo Eurostat, segue estando por riba da UE27 (13,8%) en porcentaxe de persoas autónomas respecto ao total das ocupadas, pero lonxe de Grecia (28,1%), Italia (20,9%) ou Polonia (18,5%).

Nestes dous últimos anos, as persoas ocupadas por conta propia reducíronse nun 2,6% en Galicia, situación oposta á que sucede no conxunto do Estado, onde este colectivo se sitúa no último trimestre de 2021 a niveis superiores aos de 2019, concretamente un 2,8% máis.



4

O PERFIL DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA EN GALICIA

O PERFIL DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA EN GALICIA

4.1 DESCRICIÓN

O Ministerio de Trabajo y Economía Social difunde con periodicidade trimestral un perfil coas características máis significativas das persoas traballadoras autónomas nas distintas comunidades autónomas españolas e tamén a nivel estatal. Este perfil está elaborado en base aos datos das persoas autónomas “propiaamente ditas”, é dicir, aquelas persoas traballadoras afiliadas a algún dos réximes por conta propia da Seguridade Social (RETA e Mar) e que non están integradas en sociedades mercantís, cooperativas nin entidades societa-rias. Tamén se exclúen as que figuran como colaboradoras familiares e as que están rexistradas formando parte dalgún colectivo especial de traballadores. A información está referida a aqueles afiliados e afiliadas en alta no último día do mes da explotación.

Galicia conta a 31 de decembro de 2021 cun total de 217.803 persoas afiliadas por conta propia nalgún réxime da Seguridade Social (sendo o RETA o máis numeroso con 208.821), das cales 133.789 son persoas autónomas propiamente ditas coas características que acabamos de comentar. Estas representan o 6,6% do total do conxunto nacional. O perfil que se detalla a continuación fai referencia a este colectivo:

Os resultados totais e as súas porcentaxes son as seguintes:

Por sectores de actividade

	Número de persoas autónomas	Porcentaxe sobre o total
Servizos	85.798	64,1%
Primario	25.729	19,2%
Construción	16.360	12,2%
Industria	5.902	4,4%

Por situación profesional

	Número de persoas autónomas	Porcentaxe sobre o total
Sen persoas asalariadas	106.434	79,6%
Con persoas asalariadas	27.355	20,4%
Sen pluriactividade	125.567	93,9%
Con pluriactividade	8.222	6,1%

Por sexo

	Número de persoas autónomas	Porcentaxe sobre o total
Homes	77.891	58,2%
Mulleres	55.898	41,8%

Por idade

	Número de persoas autónomas	Porcentaxe sobre o total
De 40 a 54 anos	61.486	46,0%
De 55 ou máis anos	43.401	32,4%
De 25 a 39 anos	27.187	20,3%
Menores de 25 anos	1.715	1,3%

Por nacionalidade

	Número de persoas autónomas	Porcentaxe sobre o total
Persoas españolas	128.304	95,9%
Persoas estranxeiras	5.485	4,1%

Por antigüidade no negocio

	Número de persoas autónomas	Porcentaxe sobre o total
5 ou máis anos	84.559	63,2%
De 3 a 5 anos	14.689	11,0%
De 1 a 3 anos	19.787	14,8%
De 6 a 11 meses	6.968	5,2%
Menos de 6 meses	7.786	5,8%

Por base de cotización

	Número de persoas autónomas	Porcentaxe sobre o total
Base mínima	101.083	75,6%
Entre b/mínima e 1,5 b/mínima	11.426	8,5%
Entre 1,5 e 2 b/mínima	14.253	10,7%
Entre 2 e 3 b/mínima	6.307	4,7%
Máis de 3 veces b/mínima	720	0,5%

Como pode comprobarse, a pesar de ser maioritario o perfil de persoa autónoma no sector servizos (un 64,1% do total dos rexistros), existe unha importante presenza en Galicia de persoas traballadoras por conta propia no sector primario (19,2%), superando en 8,3 puntos á media nacional (10,9%). Atendendo a súa situación profesional, claramente os empresarios e empresarias sen persoal asalariado e sen pluriactividade son as condicións máis frecuentes entre as persoas autónomas galegas. A pluriactividade é máis frecuente nas persoas traballadoras máis novas.

Aínda que o colectivo masculino ten maior peso relativo que o feminino, consta segundo as estatísticas oficiais unha importante presenza de mulleres no total de persoas traballadoras galegas por conta propia, de feito Galicia é a primeira comunidade autónoma española en canto a porcentaxe de mulleres sobre o total (41,8%), sendo Asturias e Galicia as únicas CCAA onde a porcentaxe de mulleres supera o 40,0%.

En canto á idade das persoas autónomas galegas, case a metade teñen entre 40 e 54 anos (46,0%).

Estas idades descenden cando falamos de persoas autónomas procedentes doutros países. En Galicia soamente o 4,1% do total de persoas traballadoras por conta propia son estranxeiras segundo os datos de decembro de 2021, en contraposición á media nacional, que supón unha porcentaxe do 12,8%. De feito, Extremadura seguida de Galicia son as dúas comunidades que menor alcance teñen en canto a persoas traballadoras inmigrantes por conta propia.

Máis da metade das persoas autónomas leva 5 ou máis anos de alta na Seguridade Social (63,2%), fronte a unha porcentaxe nacional do 55,8%.

A maioría das persoas autónomas galegas (75,6%) cotizan pola base mínima, pero comparada co resto de España, Galicia resulta a comunidade autónoma cunha menor proporción de cotizantes nese tramo. A nosa comunidade, sen embargo, é a segunda que conta con máis cotizantes no tramo 2 (8,5%), e a primeira no tramo 3 (10,7%). A base de cotización acostuma aumentar proporcionalmente á idade, a explicación é a proximidade á idade de xubilación.

4.2 O PERFIL DA PERSOA AUTÓNOMA GALEGA E DA PERSOA AUTÓNOMA NACIONAL

Tendo en conta os valores maioritarios dentro de cada variable comentada pódese extraer o seguinte perfil de persoas autónomas galegas. Inclúese tamén o perfil para o total nacional:

Perfil da persoa autónoma galega propiamente dita Galicia. Decembro 2021

Sexo:	Home	(58,2%)
Idade:	40 a 54 anos	(46,0%)
Nacionalidade:	española	(95,9%)
Situación profesional:	sen persoas asalariadas	(79,6%)
	sen pluriactividade	(93,9%)
Sector de actividade:	servizos	(64,1%)
Antigüidade no negocio:	5 ou máis anos	(63,2%)
Base de cotización:	base mínima	(75,6%)

Perfil da persoa autónoma nacional propiamente dita España. Decembro 2021

Sexo:	Home	(63,9%)
Idade:	40 a 54 anos	(45,1%)
Nacionalidade:	española	(87,2%)
Situación profesional:	sen persoas asalariadas	(79,5%)
	sen pluriactividade	(93,1%)
Sector de actividade:	servizos	(73,6%)
Antigüidade no negocio:	5 ou máis anos	(55,8%)
Base de cotización:	base mínima	(85,8%)

Observamos como a grandes trazos os perfís son semellantes, con máis peso dos homes, do sector servizos e da base mínima de cotización no caso nacional; e da nacionalidade española e a antigüidade de 5 anos ou máis no caso galego.

4.3 EVOLUCIÓN

Cando se comparan os datos de hai 5 anos (decembro de 2016) cos da actualidade vemos como o perfil destas persoas traballadoras non mudou excesivamente, o que si que se produciu foi un gran retroceso neste colectivo, que pasou de 142.546 en decembro de 2016 aos 133.789 de 2021, unha perda de 8.757 efectivos:

- **Por sectores de actividade:** increméntase o peso de persoas autónomas no sector servizos, de representar un 60,9% sobre o total en 2016 pasan a supoñer en 2021 un 64,1%. Estes tres puntos porcentuais de diferenza acontecidos en cinco anos son practicamente os que perde o sector da agricultura. En 2016 as persoas autónomas no sector primario eran o 22,8% e en 2021 apenas superan o 19%.

Os catro sectores perden persoas autónomas entre ambos períodos, aínda que das 8.757 persoas autónomas que se perden en total, a gran maioría (6.816) corresponden ao sector primario.


- **Por situación profesional:** Aumenta lixeiramente a porcentaxe de persoas autónomas con pluriactividade sobre o total (1,8 puntos máis) e continúa a mesma distribución dos traballadores e traballadoras autónomas con e sen persoal asalariado nos cinco últimos anos. De feito, as persoas autónomas con pluriactividade aumentan en 2.110 nestes cinco anos.
- **Por sexo:** os homes gañan algo de importancia na distribución total pasando de representar o 57,8% do total de persoas autónomas rexistradas en 2016 a un 58,2% en 2021.

Ambos os dous sexos perden efectivos no período, pero son as mulleres as que máis perden relativamente (-7,0%).

- **Por idade:** os tramos de idade máis avanzados gañan importancia no período, os de 40 a 54 anos suben a súa representatividade en 1,1 puntos porcentuais e os de 55 ou máis en 2,7 puntos. Precisamente os 3,8 puntos que perden de relevancia os que teñen entre 25 e 39 anos.

O tramo de 55 ou máis anos é o único que gaña persoas traballadoras, 1.100 máis neste cinco anos, sendo o de 25 a 39 anos o que máis perde (7.156 autónomos menos).


- **Por nacionalidade:** as persoas autónomas estranxeiras pasan dunha representación do 2,6% do total en 2016 ao 4,1% en 2021.



Este colectivo de estranxeiros incrementábase en 1.798 efectivos no período, fronte a unha diminución dos nacionais de 10.555.

- **Por antigüidade no negocio:** ao longo destes cinco anos os afiliados e afiliadas que levan de 1 a 3 anos cotizando neste sistema perden un total de 4.306 efectivos; tamén as persoas de maior antigüidade (máis de 5 anos) descenden en 2.702, tramo de idade que está moi influenciado pola proximidade á idade de xubilación. Mentres que as persoas que levan menos tempo rexistradas, menos de 1 ano, descenden en 1.854. Soamente se incrementan as que levan traballando de 3 a 5 anos, concretamente en 105.
- **Por base de cotización:** en cinco anos percíbese unha gran diminución das persoas autónomas que cotizan por as bases máis baixas (-9.591 persoas afiliadas cotizando pola base mínima e -3.197 entre a b/mínima e ata 1,5 veces esta). Aumentando en 4.404 as persoas autónomas que cotizan no tramo entre 1,5 veces e 2 veces a base mínima. Os tramos máis elevados apenas varían.





5

ECONOMÍA SOCIAL: COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

ECONOMÍA SOCIAL: COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

Para a delimitación do concepto de traballo autónomo, non chega coa simple contraposición á de traballo asalariado, senón que merece unha análise da súa evolución e da súa tipoloxía actual.

O traballo autónomo ten como características xerais que é unha actividade realizada por conta propia, desenvolvida de forma independente e non remunerada salarialmente, aínda que estas características non pechan o perfil, dado que aquí caberían non só as persoas empresarias individuais e persoas traballadoras autónomas, senón tamén as persoas empregadoras con ata 5 traballadores, as axudas familiares e os membros de cooperativas e sociedades laborais.

No desenvolvemento do autoemprego, as chamadas empresas de economía social, articuladas fundamentalmente a través de cooperativas e sociedades laborais, constitúense como unha categoría de especial importancia na dinamización da economía e a promoción do emprego.

5.1 COOPERATIVAS

CONSTITUÍDAS

LUGAR	TOTAL				COOPERATIVAS DE TRABAJO ASOCIADO			
	COOP.	Persoas asociadas			COOP.	Persoas asociadas		
		Total	Homes	Mulleres		Total	Homes	Mulleres
España	1.606	5.710	3.251	2.254	1.242	3.352	1.893	1.396
Galicia	135	443	210	225	113	254	120	134


LUGAR	COOPERATIVAS DE VIVENDAS				COOPERATIVAS AGRARIAS			
	COOP.	Persoas asociadas			COOP.	Persoas asociadas		
		Total	Homes	Mulleres		Total	Homes	Mulleres
España	246	1.430	852	564	27	205	123	41
Galicia	14	161	77	84	3	8	3	1

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

No ano 2021 constituíronse en Galicia un total de 135 cooperativas integradas por 443 persoas asociadas. Delas, 113 na modalidade de traballo asociado, 14 como cooperativas de vivendas, 3 agrarias, e 5 na categoría de outras.

Como se reflicte dos datos anteriores, a inmensa maioría das cooperativas se corresponden coa categoría de “cooperativas de traballo asociado” (hai que ter en conta que nesta categoría se agrupan entidades que desenvolven a súa actividade en diversos sectores), en concreto, representan unha porcentaxe do 84% do total. As outras cooperativas presentan cifras moito máis moderadas.


Porcentaxe de cooperativas constituídas en Galicia no 2021 por clase




En canto ao número de persoas asociadas, tamén rexistra unha presenza maioritaria as cooperativas de traballo asociado, as cales contan con un total de 254 persoas asociadas, o que supón o 57% do total. Estas cifras evidencian que, en calquera caso, este tipo de cooperativas achegan unha proporción de persoas asociadas inferior ao peso que teñen este tipo de cooperativas.

No conxunto do Estado rexistráronse no ano 2021 un total de 1.606 cooperativas compostas por 5.710 persoas asociadas. A porcentaxe de cooperativas constituídas en Galicia tan só supuxo o 8% do total nacional, mentres que, se atendemos ao número de socios integrantes nestas cooperativas, a proporción é algo menor, en concreto, Galicia achega o 7% do total de persoas asociadas en España.


Porcentaxe de Cooperativas constituídas no 2021 respecto ao total nacional



Porcentaxe de persoas asociadas de cooperativas constituídas no 2021 respecto ao total nacional



Evolución das cooperativas constituídas



Tal como mostran os datos da táboa anterior, do ano 2012 ao 2014 as cooperativas medraron, aínda que con cifras máis moderadas que as dos últimos anos. Pola contra, no ano 2015, 2016 e 2017, rexístrase un descenso, a partir de aquí invértese a tendencia o que nos sitúa nun escenario bastante máis positivo (agás o ano 2020 onde as cooperativas descenden, probablemente polos efectos da crise do coronavirus), destacando o ano 2021 coa cifra máis alta dos últimos 10 anos.

INSCRITAS

Distribución das persoas traballadoras

			Variación	
			Absoluta	Relativa
	2ºT 2019	2ºT 2020		
Galicia	8.385	8.363	-22	-0,26%
España	297.183	283.567	-13.616	-4,58%

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

O total de persoas traballadoras inscritas en Galicia ata xuño de 2020 era de 8.363 persoas. Con respecto ao acumulado na mesma data do ano 2019, obsérvase unha diferenza de 22 persoas traballadoras (un 0,26% menos). No conxunto do Estado, tamén se rexistra un descenso pero neste caso é superior (-4,58%).

5.2 SOCIEDADES LABORAIS

CONSTITUÍDAS


LUGAR	SOCIEDADES	Persoas asociadas			Persoas asociadas traballadoras			Persoas asociadas capitalistas		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
España	254	720	446	274	650	403	247	70	43	27
Galicia	28	78	45	33	73	45	28	5	0	5

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social


As sociedades laborais constituídas en Galicia ao longo do ano 2021 ascenderon a 28, o que supuxo un total de 78 persoas asociadas. Destes 45 foron homes e 33 mulleres. A maior parte constituíronse como persoas asociadas traballadoras, concretamente 73, mentres que as persoas asociadas de capital foron 5 e todas mulleres.

Das 254 sociedades laborais constituídas en España no ano 2021, 28 rexistráronse en Galicia, o que representa o 11%, a mesma porcentaxe que amosan as persoas asociadas integrantes.

**Porcentaxe de sociedades laborais constituídas no ano 2021
respecto ao total nacional**



Porcentaxe de persoas asociadas de sociedades laborais constituídas no ano 2021 respecto ao total nacional



Sociedades laborais e persoas asociadas iniciais segundo sector de actividade


LUGAR	SOCIEDADES				
	Total	Agrario	Industria	Construcción	Servizos
España	254	3	17	32	202
Galicia	28	1	2	2	23

LUGAR	PERSONAS ASOCIADAS				
	Total	Agrario	Industria	Construcción	Servizos
España	720	8	66	88	558
Galicia	78	2	5	4	67


Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

O sector servizos é no que se constitúen máis sociedades laborais, en concreto 23, cun total de 67 persoas asociadas; en industria rexistráronse 2 integradas por 5 persoas asociadas, 2 na construción con 4 persoas asociadas; por último, 1 na agricultura con 2 persoas asociadas.

Porcentaxe de sociedades segundo sector de actividade



Evolución das sociedades constituídas



No que respecta á evolución das sociedades laborais, no ano 2012, constituíronse en Galicia 60 sociedades laborais, dende aquela rexistrouse un descenso sostido e continuado, agás no ano 2018, volvendo a caer nos anos 2019 e 2020. No ano 2021 volve a experimentar un incremento ata acadar a cifra de 28; en calquera caso, son menos da metade das que se constituíron no ano 2012.

INSCRITAS

Distribución das persoas traballadoras

	2ºT 2019	2ºT 2020	Variación	
			Absoluta	Relativa
Galicia	2.713	2.273	-440	-16,22%
España	60.315	54.954	-5.361	-8,89%

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

O total de sociedades laborais inscritas en Galicia ata xuño de 2020 tiñan 2.273 persoas asociadas. Esta cifra viuse recortada en 440 efectivos con respecto á mesma data do ano 2019, o que supuxo un descenso do 16,22%. Tamén no conxunto de España rexistrouse unha caída de persoas asociadas, aínda que máis moderada que o da nosa comunidade, en concreto a variación anual foi do -8,89%.





6

EMPRESAS CON TITULARIDADE DE PESSOA FÍSICA

EMPRESAS CON TITULARIDADE DE PERSOA FÍSICA

Dentro do concepto de traballo autónomo, tamén están comprendidas as persoas físicas que posúen a titularidade xurídica de empresas. Neste sentido, podemos recorrer á información estatística subministrada polo Directorio de empresas e unidades locais (IGE), e consideraremos aquí as ditas empresas que teñen sede social en Galicia.

6.1 SEGUNDO A PROVINCIA


Persoas físicas	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
A Coruña	62.185	62.769	63.602	64.948	64.574	64.862	64.314
Lugo	26.901	26.687	26.388	26.056	25.777	25.907	25.664
Ourense	16.968	17.080	17.099	17.350	17.240	17.160	16.919
Pontevedra	45.848	47.096	47.988	48.749	48.812	49.403	49.396
Galicia	151.902	153.632	155.077	157.103	156.403	157.332	156.293

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. O directorio ten como data de referencia o 1 de xaneiro de cada ano.

O 1 de xaneiro do ano 2020 había en Galicia un total de 156.293 empresas con titularidade de persoas físicas, o que supón o 63,62% do total de empresas.

A provincia da Coruña, con 64.314, representa o 41% do conxunto de Galicia; a continuación atópase a provincia de Pontevedra, con 49.396. As dúas provincias atlánticas reúnen case tres de cada catro empresas con esta condición xurídica.


**Porcentaxe de empresas con titularidade
de persoa física por provincia**



No que respecta á evolución empresarial destes últimos anos, obsérvase un comportamento dispar. Durante os anos que van de 2014 a 2016 encadeáronse tres períodos consecutivos de aumento de empresas con titularidade de persoa física. Pola contra, no ano 2017 produciuse un descenso, para volver a medrar no 2018. Durante o ano 2019, volve a rexistrase unha caída destas empresas chegando así a xaneiro de 2020 cunha cifra de 156.293. Aínda así, o balance con respecto a xaneiro de 2014 é positivo, no 2020 había 4.391 empresas con persoas físicas máis que hai seis anos (2,89%).

A nivel provincial, mentres as dúas provincias occidentais amosan neste período un comportamento similar ao conxunto de Galicia, ambas as dúas gañan empresas con titularidade de persoa física, A Coruña (2.129) e Pontevedra (3.548); en Lugo e Ourense pechan este tipo de empresas, -1.237 e -49, respectivamente.

Evolución do número de empresas con titularidade de persoa física




Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

6.2 SEGUNDO A ACTIVIDADE PRINCIPAL (SECCIÓN CNAE 2009)

A nivel sectorial, obsérvase unha importante preeminencia das empresas con titularidade de persoa física encadradas no sector dos servizos. A 1 de xaneiro de 2020, último dato dispoñible, vemos como son os servizos os que protagonizan esta modalidade empresarial, cunha cifra total de 99.320 empresas, isto supón o 64%. Dito doutro xeito, de cada 3 empresas constituídas por persoas físicas (persoas autónomas), dúas son do sector servizos. O peso empresarial dos outros sectores é moito menor: un 23% no primario, un 10% na construción é tan só un 4% na industria.

1 Agricultura e pesca	35.768
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	35.768
2 Industria, incluída a enerxía	5.649
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	5.567
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	48
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	20
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	14
3 Construción	15.556
F CONSTRUCCIÓN	15.556
4 Servizos	99.320
G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	28.758
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	15.647
I HOSTALARÍA	13.505
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	8.229
S OUTROS SERVIZOS	8.206
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	6.709
P EDUCACIÓN	5.321
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	4.057
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	3.376
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	3.205
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	1.318
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	989
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA	0

**Porcentaxe de empresas con titularidade
de persoa física por actividades económicas. Galicia 2020**




As empresas encadradas na industria e nos servizos atópanse diversificadas en distintas actividades económicas. No caso do sector servizos, o maior número das empresas que compren a condición xurídica de pertencer a persoas físicas atópanse en actividades propias do comercio, concretamente 28.758; a continuación sitúanse as 15.647 dedicadas a actividades profesionais, científicas e técnicas, as 13.505 de hostalería e 8.229 de transporte e almacenamento.


Dentro do sector secundario, vemos, como practicamente todas as empresas que se dedican á industria e á enerxía están incluídas dentro da industria manufactureira, concretamente 5.567, que representan o 99% do total da industria.

Empresas con titularidade de persoa física dentro do sector servizos. Galicia 2020



Porcentaxe de empresas con titularidade de persoa física dentro da industria. Galicia 2020





7

PENSIÓNS

PENSIÓNS

7.1 PENSIÓNS SEGUNDO A SÚA NATUREZA

A pensión media que reciben as persoas autónomas galegas segundo os datos que ofrece o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones para decembro de 2021 é de 623,15 euros. A Coruña e Pontevedra están por riba desta media galega, sendo esta última a que presenta a contía máis elevada (645,31 euros).

Pensións en vigor en decembro de 2021.
Réxime especial de persoas traballadoras autónomas.

Provincia	Incapacidade		Xubilación		Viuvez	
	Nº pensións	P. media (euros)	Nº pensións	P. media (euros)	Nº pensións	P. media (euros)
Coruña (A)	4.435	722,51	59.904	699,78	19.478	486,96
Lugo	2.902	695,56	37.942	654,41	13.031	390,54
Ourense	2.131	735,61	26.627	653,19	8.434	438,65
Pontevedra	3.219	721,30	42.543	706,95	12.955	477,14
GALICIA	12.687	718,24	167.016	683,87	53.898	453,73


Provincia	Orfandade		Favor familiar		Todas as pensións	
	Nº pensións	P. media (euros)	Nº pensións	P. media (euros)	Nº pensións	P. media (euros)
Coruña (A)	2.913	416,10	1.276	478,46	88.006	641,22
Lugo	1.520	413,49	710	464,50	56.105	586,32
Ourense	1.235	421,07	876	481,03	39.303	600,49
Pontevedra	1.983	385,55	1.004	473,00	61.704	645,31
GALICIA	7.651	408,47	3.866	475,06	245.118	623,15

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.

O 68% do total de pensións que reciben as persoas autónomas galegas corresponden ás prestacións por xubilación, a situación máis frecuente. Séguenlle, a bastante distancia, as pensións contributivas percibidas por viuvez (22%), incapacidade permanente (5%), orfandade (3%) e pensión a favor de familiares (aquelas que poden percibir familiares que conviviran co causante da prestación, non teñan dereito a unha pensión pública e carezan de medios de subsistencia) que só supoñen o 2%.

As persoas pensionistas autónomas que perciben unha retribución por incapacidade permanente teñen a pensión máis elevada, cos seus 718,24 euros de media, e, ao mesmo tempo, aqueles que reciben a pensión por orfandade cobran a contía menor (408,47 euros).

% Pensións en Galicia das persoas traballadoras autónomas segundo a súa natureza




Cando se comparan as retribucións percibidas por pensións das persoas autónomas galegas cas persoas afiliadas aos restantes réximes de cotización, claramente as persoas autónomas están en peor situación. Mentres que a pensión media das persoas autónomas, como acabamos de comentar, está en 623,15 euros, a das persoas pensionistas que cotizaron polo réxime xeral está en 1.023,53 euros (400,38 euros máis para as persoas pensionistas do réxime xeral, ou dito doutro xeito, as persoas autónomas recibiron un 39% menos que as do réxime xeral).

Todos os tipos de pensións que perciben as persoas autónomas, incapacidade permanente, xubilación, viuvez e favor familiar, excepto a pensión por orfandade, supoñen un valor inferior no tocante á cifra da pensión media das persoas traballadoras do réxime xeral. Nas pensións por xubilacións é onde se percibe unha diferenza maior entre persoas autónomas e persoas traballadoras do réxime xeral: en decembro de 2021 as persoas xubiladas do réxime xeral cobraban 517 euros máis.

Aquelas persoas traballadoras que cobran unha pensión por orfandade son as únicas que reciben unha cantidade practicamente igual nos dous réximes.

Pensión media (euros) segundo tipoloxía. Galicia. Decembro 2021




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.

Levando a cabo unha ratio entre afiliación e pensións nos réximes xeral e autónomo, os resultados son moi significativos. Mentres que no réxime xeral atopamos 1,74 persoas afiliadas por cada pensión en vigor, no RETA hai máis pensións que persoas traballadoras afiliadas, 245.118 pensións e 208.809 persoas emprendedoras cotizando a este sistema.

7.2 COMPARATIVA POR CCAA

Por último, resulta interesante analizar a situación das persoas pensionistas autónomas galegas en relación cas persoas pensionistas autónomas nas restantes comunidades autónomas e no conxunto nacional. O máis destacable é que Galicia ocupa o terceiro lugar no que se refire ao volume de pensións en vigor de persoas autoempregadas, (só superada por Cataluña e Andalucía) e por riba de comunidades con moitos máis cotizantes, como poden ser Valencia ou Madrid.


Número de pensións de persoas traballadoras autónomas en vigor nas CCAA. Decembro de 2021



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.

Galicia pasa a ocupar a última posición entres as CCAA españolas cando falamos do importe medio das pensións en vigor das persoas traballadoras por conta propia. Entre a comunidade autónoma que máis elevada pensión ofrece, o País Vasco (850,9€), e a que menos, Galicia, hai unha diferenza de 227,75 euros. A media estatal sitúase en 716,11 euros, o que supón que as persoas autónomas galegas cobran un 13% menos que o total do país.

Importe (euros) das pensións en vigor
das persoas traballadoras autónomas nas CCAA




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.

Nas pensións por xubilación é onde se aprecia unha disparidade maior entre as comunidades autónomas: as persoas xubiladas do País Vasco cobran 947,84 euros de pensión media, mentres os galegos cobran 683,87 euros, unha diferenza de 263,97 ao mes. Tamén neste caso Galicia está por debaixo do importe medio estatal, xa que as persoas xubiladas españolas ingresan uns 796 euros como pensión de xubilación.

Neste sentido resulta moi importante o esforzo que levan a cabo moitas persoas autónomas para lograr aumentar a súa base de cotización, xa que, como podía apreciarse no perfil da persoa autónoma galega, o 75,6% do total cotizan por esta base mínima. Este tema convértese nun problema para as persoas autónomas galegas, os cales meditan moito a decisión de xubilarse ante a baixa remuneración que van percibir cando se atopen nesta nova situación.

Importe (euros) das pensións por xubilación das persoas autónomas nas CCAA



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.



8

PRESTACIONES PARA PERSOAS AUTÓNOMAS


PRESTACIÓNS PARA PERSOAS AUTÓNOMAS

Dende o inicio da pandemia establecéronse unha serie de medidas para as persoas traballadoras por conta propia que se viron obrigadas a pechar os seus negocios a causa da COVID-19, unha destas axudas consistía na prestación por cese da actividade.


Na evolución da prestación, en maio de 2020, primeiro mes onde aparecen os datos de prestacións por cese da actividade no Ministerio de inclusión, Seguridad Social y Migraciones, resolvéronse un total de 85.672 solicitudes, que representaban o 6,0% dos expedientes resoltos a nivel nacional, e que reflicten a freada da actividade produtiva tamén para as persoas autónomas como consecuencia da pandemia. Cabe destacar que esta cifra aumentou de xeito continuado ata o mes de setembro, onde se resolveron un número máximo de expedientes, concretamente 95.938. Outubro mostra unha caída dos expedientes do 89,67% resolvéndose este mes 9.909 solicitudes. Nos meses seguintes os expedientes aumentan pero con cifras moi inferiores aos primeiros meses da pandemia, de feito, de novembro de 2020 a maio de 2021 o número de expedientes a resolver sitúase entre 20.000 e 27.000. En xuño de 2021 acentúase un parón nos expedientes que este mes ascenden a 7.695, volve a subir arredor dos 10.000 nos tres

meses seguintes e de cara a fin de ano, nos últimos 3 meses, os expedientes tenden a estabilizarse arredor dos 4.000, supoñendo en decembro de 2021 un 4,2% das solicitudes resoltas a nivel estatal.

Evolución das prestacións para persoas autónomas. Galicia



Fonte: A información procede dos datos publicados mes a mes nas notas de prensa que se colgaban na páxina web do Gabinete de Comunicación do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, achegando ademais un arquivo excel,



9

SINISTRALIDADE LABORAL



SINISTRALIDADE LABORAL

9.1 ACCIDENTES DE TRABAJO SEGUNDO SEXAN PERSOAS AUTÓNOMAS OU ASALARIADAS

Este punto vén marcado pola escasa información estatística que o colectivo de persoas autónomas ten neste ámbito, máis se cabe a nivel de comunidade autónoma, debido, entre outras cuestións, á particular xurisprudencia na que se asenta a súa actividade. É importante facer fincapé no feito de que os datos están referidos ás persoas traballadoras que exclusivamente teñen cubertas as continxencias oportunas; polo tanto, é da porcentaxe de persoas autónomas que cumpran este requisito da que se poden obter datos fiables de sinistralidade.

A estes efectos o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones elabora unha estatística de accidentes de traballo onde inclúe, no caso das persoas traballadoras por conta propia, con carácter xeral a todas as persoas afiliadas ao RETA (coa excepción daquelas onde a cobertura da incapacidade temporal por continxencias profesionais segue sendo voluntaria), e ás persoas traballadoras por conta propia do Réxime Especial do Mar; non incluíría, no caso das persoas asalariadas, ás persoas funcionarias cuxa cobertura corresponda as mutualidades MUFACE, ISFAS e MUGEJU.


Accidentes de traballo. Ano 2021	Total	Leves	Graves	Mortais
Persoas autónomas	2.214	2.116	94	4
Persoas asalariadas	26.762	26.354	359	49

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

Os 2.214 accidentes de traballo das persoas autónomas que se producen en Galicia de xaneiro a decembro de 2021 supoñen soamente o 7,64% do total de accidentes acontecidos no mesmo ano. A taxa de sinistralidade das persoas emprendedoras é bastante menor que a das persoas asalariadas, circunstancia que é debida, entre outras cuestións, á resistencia das persoas traballadoras por conta propia a causar baixa ante a escasa cobertura que reciben durante este período.

Accidentes de traballo segundo tipo de persoa traballadora

■ Persoas autónomas ■ Persoas asalariadas



9.2 ACCIDENTES DE TRABAJO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS


SEGUNDO A SÚA GRAVIDADE

Accidentes de traballo das persoas autónomas. Ano 2021	Total	Leves	Graves	Mortais
EN XORNADA	2.116	2.022	90	4
EN ITÍNERE	98	94	4	0
TOTAL	2.214	2.116	94	4

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

Entre as persoas traballadoras autónomas o maior peso porcentual atópase nos accidentes leves, en concreto, o 95,57% dos accidentes totais, mentres que os graves supoñen o 4,25%. E, por último os accidentes mortais teñen unha relevancia do 0,18%.

Distribución dos accidentes laborais
segundo a súa gravidade




POR PROVINCIAS

Ano 2021	Total	Leves	Graves	Mortais
Coruña (A)	958	910	46	2
Lugo	431	417	14	0
Ourense	231	223	7	1
Pontevedra	594	566	27	1
GALICIA	2.214	2.116	94	4

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

Atendendo á distribución dos accidentes laborais nas catro provincia galegas, como era de esperar, A Coruña e Pontevedra acaparan o 70,10% do total dos producidos no ano 2021. Só na Coruña se produciron un total de 958 accidentes, o que supón o 43% do total, case a metade dos sinistros rexistrados. No lado oposto está Ourense, a provincia onde se producen menos accidentes de traballo, no ano 2021 foron 231, o 10% dos producidos en toda Galicia.

Accidentes laborais con baixa de persoas traballadoras autónomas nas provincias galegas




EVOLUCIÓN ANUAL

	Total	Leves	Graves	Mortais
2019	2.579	2.444	121	14
2020	2.158	2.045	106	7
2021	2.214	2.116	94	4

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

Atendendo á evolución dos accidentes laborais, podemos comprobar que no ano 2020 todos experimentaron un retroceso, probablemente este feito estea vinculado ao parón da actividade económica na pandemia. No ano 2021 producíronse un 3% máis que no 2020. Pero se atendemos a súa gravidade, este incremento só se produciu nos leves (3%); en cambio, os graves diminuíron nun 11% e os mortais pasaron de 7 a 4 no 2021.

Variación producida nos accidentes laborais con baixa de persoas traballadoras autónomas. 2020-2021




ÍNDICE DE INCIDENCIA DE ACCIDENTES EN XORNADA. COMPARATIVA ESTATAL

Ano 2021	Galicia	España
Persoas autónomas	996,9	992,1
Persoas asalariadas	3.094,0	3.023,9

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

O índice de incidencia de accidentes defínese como o cociente entre o total de accidentes no período entre a media anual de persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social con cobertura por continxencias profesionais, multiplicado por cen mil.

Vemos que hai moita maior incidencia de accidentes con baixa en xornada entre as persoas asalariadas que entre as persoas autónomas nos dous ámbitos, de feito de cada 100.000 persoas asalariadas galegas, 3.094 tiveron unha baixa por accidente de traballo en xornada, fronte ás 997 persoas autónomas. Na comparativa estatal, resulta lixeiramente superior a incidencia en Galicia tanto entre as persoas asalariadas, como entre as persoas autónomas.



10

FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O TRABAJO AUTÓNOMO



FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O TRABALLO AUTÓNOMO

O traballo autónomo está en continua evolución, os retos aos que se expoñen estes traballadores e traballadoras fan necesaria unha continua actualización da súa formación que, á vez, incrementa os seus niveis de cualificación, ademais de que esta se prolongue ao longo de toda a súa vida. As persoas traballadoras, en moitos casos teñen que desprazarse cara o desempeño de novas actividades e ao desempeño de tarefas máis cualificadas. É así prioritaria, neste momento, a formación como valor engadido que se traducirá en talento, produtividade e competitividade.

Tanto a poboación ocupada como a desempregada dispoñen dunha ferramenta non universitaria que responde ás necesidades do mercado laboral cun abanico de oferta formativa caracterizada por unha maior versatilidade á hora de desempeñar a súa programación. Trátase da formación profesional para o emprego a cal garante esta flexibilidade que permite adecuar a súa oferta ás necesidades particulares das empresas e as conxunturas sociolaborais de determinados colectivos ou territorios.

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionarlle ás persoas traballadoras, especialmente ás ocupadas, e tamén ás desempregadas, a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Periodicamente lévanse a cabo convocatorias de subvencións dentro do marco do plan de formación para o emprego dirixido prioritariamente a persoas traba-

lladoras ocupadas. Un dos colectivos destinatario das accións formativas financiadas dentro do plan son as persoas traballadoras autónomas. Entendendo por acción formativa a dirixida á adquisición de competencias profesionais, teóricas e/ou prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos, contidos, duración e metodoloxía propia.

A finalización dos cursos que estas persoas poderán realizar conleva, en determinados casos, a obtención de certificados de profesionalidade.

Deste xeito, 990 autónomos e autónomas participaron en accións formativas convocadas nas últimas ordes (2021/22) dirixidas a persoas ocupadas. O alumnado recibiu formación nun total de 59 cursos repartidos entre as seguintes familias profesionais:

Familias profesionais	Alumnado	Peso relativo
Administración e xestión	437	40,35%
Comercio e márketing	187	17,27%
Hostalaría e turismo	135	12,47%
Sanidade	110	10,16%
Informática e comunicacións	106	9,79%
Servizos socioculturais e á comunidade	53	4,89%
Formación complementaria	37	3,42%
Transporte e mantemento de vehículos	12	1,11%
Industrias alimentarias	6	0,55%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos ata setembro de 2022

As familias profesionais onde se concentra o alumnado autónomo son Administración e xestión e Comercio e márketing, cun peso do 57,62% entre ambas, destacando as áreas de xestión da información e comunicación e de marketing e relacións públicas. O que nos leva a pensar que as persoas autónomas decántanse por adquirir sobre todo coñecementos sobre ferramentas ofimáticas e dixitais para desenvolver o seu traballo.



11

EMPRENDEMENTO

EMPRENDEMENTO

11.1 CREACIÓN DE EMPRESAS

ALTAS E BAIXAS NO DIRECTORIO DE EMPRESAS. GALICIA

Os termos persoa traballadora autónoma e persoa emprendedora, aínda que semanticamente non poda dicirse que teñan o mesmo significado, acostuman a asociarse e igualarse en moitas ocasións cando se fala de persoas que facilitan a transformación de ideas en proxectos de empresa.

Por esta razón resulta de interese abordar neste estudo a perspectiva do emprendemento a través da creación de novas empresas en Galicia, como símbolo de creación de riqueza e emprego e promoción económica. Non en tanto, somos conscientes de que non todas as empresas creadas na nosa comunidade autónoma son postas en marcha por persoas traballadoras autónomas, se ben é certo que os proxectos impulsados por este colectivo teñen un peso moi importante dentro da totalidade de iniciativas empresariais levadas a cabo no actual contexto económico e social.

Neste sentido, o Instituto Galego de Estatística ofrece datos actualizados sobre a explotación do directorio de empresas e unidades locais en Galicia. Neste apartado a denominada “Demografía empresarial” contabiliza as altas, permanencias e baixas de unidades activas rexistradas en base a seguinte metodoloxía, referenciando os datos a 1 de xaneiro de cada ano:

- **Altas (ano t):** unidades activas que se rexistran no ano t e non estaban activas no ano t-1.
- **Permanencias (ano t):** unidades activas rexistradas no directorio do ano t-1.
- **Baixas (ano t):** unidades activas no directorio do ano t-1 que causan baixa no do ano t.

A empresa é definida como a unidade xurídica que proporciona cobertura legal ás actividades que se realizan nun ou varios locais. As unidades xurídicas poden ser persoas físicas ou persoas xurídicas con existencia legal independente da dos seus propietarios.


En base a estes datos, en Galicia ao longo de 2019 (último ano do que se pose información deste tipo), prodúcese 23.942 altas de empresas, 26.504 baixas, e permanecen un total de 221.718 empresas.

EMPRESAS POR SITUACIÓN DE ACTIVIDADE


En base aos datos de altas de empresas producidas en Galicia e comparando os datos dos últimos anos, compre mencionar que a creación de empresas na comunidade galega é bastante irregular no período analizado, alternándose períodos de crecemento e decrecemento. Durante o período que vai de 2014 ata 2019 déronse de alta en Galicia un total de 149.091 empresas. En 2017 e 2018 descende a creación con respecto ao ano anterior, volvendo remontar en 2019 para así chegar a xaneiro de 2020 con 23.942 altas. Estas oscilacións tradúcense porcentualmente nun decrecemento dun 8,9% nas altas de empresas en Galicia nos últimos cinco anos. Por provincias, Lugo é a que única provincia na que medran as altas no período (8,7%) mentres que Pontevedra é a que ten un descenso mais significativo (-14,3%).

2020	Alta	Permanencia	Baixa
Galicia	23.942	221.718	26.504
A Coruña	9.587	90.345	11.275
Lugo	3.448	33.852	3.634
Ourense	2.654	23.874	2.985
Pontevedra	8.253	73.647	8.610

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos a 1 de xaneiro.




Crecemento nas altas de empresas de 2015 a 2020



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos en porcentaxe e a 1 de xaneiro de cada ano.

Evolución das altas de empresas por provincia de 2015-2020




Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

No tocante ás baixas rexistradas de empresas e comparando os resultados coas altas analizadas anteriormente, obsérvase como mentres as altas diminúen ao longo do período de análise no total de Galicia e na maioría das provincias, as baixas medran no total da comunidade (9,5%) e en cada unha das provincias. Pontevedra, sendo a provincia nas que máis decrecen as altas de empresas, ao mesmo tempo é a que menos crecemento porcentual de baixas experimenta; mentres que Lugo, que resulta a provincia onde máis medran as altas é ao mesmo tempo, unha das provincias onde máis medran as baixas.


En Galicia durante o período que vai de 2014 a 2019 déronse de baixa un total de 146.561 empresas.

Crecemento nas baixas de empresas de 2015 a 2020



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos en porcentaxe e a 1 de xaneiro de cada ano.

Evolución das baixas de empresas por provincia 2015 a 2020




Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

O saldo global no período entre a creación e a destrución de empresas resulta positivo en Galicia, sendo as altas de empresas superiores ás baixas delas na maioría dos períodos analizados, agás durante o ano 2016 e máis intensamente durante 2019.

O mellor ano do período resultou o 2014 cun "superavit" de 2.087 empresas, seguido de 2017 con 1.986 máis altas que baixas. Caso contrario sucede no ano 2019 onde esta mesma operación ten un resultado de -2.562 empresas (diferenza entre as altas e as baixas), e que aínda que non resulta o ano onde

Altas-baixas das empresas en Galicia



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

menos altas nin máis baixas de empresas se producen, as altas mesmo se incrementaron lixeiramente respecto a 2018, si que é o ano onde a diferenza entre elas resulta máis marcada.


TAXA DE SUPERVIVENCIA AOS CATRO ANOS

Para poder facer un estudo tendo en conta aspectos relativos ao dinamismo empresarial podemos recorrer aos indicadores de demografía empresarial (IGE), onde dispoñemos de información acerca de cantas das empresas creadas en Galicia nun determinado ano (sen incluír o sector primario nin a administración pública) sobreviven ao cabo dos catro anos seguintes.

Do total das empresas creadas en 2016, menos da metade delas, o 48,43%, chegan con vida a 2020, proporción moi semellante no caso das pemes (48,39%), pero que baixa ao 39,22% no caso dos autónomos.

Ao considerar as empresas creadas no período 2006-2016, as que presentan un valor máis alto da taxa de supervivencia aos 4 anos son as creadas no ano 2007 (58,33%), mentres que as menores taxas corresponden ás creadas en 2015 (44,34%). En xeral, ás taxas de supervivencia das persoas traballadoras autónomas sitúanse a niveis inferiores ás das pemes, agás no ano 2008 onde son lixeiramente superiores.

Taxa de supervivencia aos catro anos. Galicia



Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial. Datos en %.

APERTURA DE CENTROS DE TRABAJO

Por outra banda, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais edita anualmente as denominadas “Estadísticas sociolaborais”, as cales mostran datos actualizados referentes a conciliacións individuais e colectivas, eleccións sindicais, folgas e peches patronais, infraccións e sancións na orde social, regulacións de emprego e apertura de centros de traballo e empresas de traballo temporal, todo co fin de permitir ter unha visión global do panorama sociolaboral galego.

En concreto os datos referidos á apertura de centros de traballo axúdanos a ampliar a visión que aquí estamos a mostrar do emprendemento en Galicia a través da creación de empresas, xa que esta información aporta datos sobre si os novos centros de traballo rexistrados son de nova creación, reinicio de actividade, cambio de actividade ou traslado. Ademais aporta datos desagregados a nivel provincial.

Hai que ter en conta que os datos mostrados a través das dúas fontes estatísticas non teñen unha correspondencia exacta xa que, pode darse o caso de que unha mesma empresa pode contar con unha relativa cantidade de centros de traballo temporais, en función das obras que se leven a cabo durante o ano (isto sucede sobre todo no caso das empresas de construción). Ademais, neste caso, os datos son sacados das comunicacións que as empresas presentan nas delegacións provinciais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade onde radique o centro de traballo correspondente.

No pasado ano 2020 en Galicia producíronse 17.413 comunicacións de aperturas de centros de traballo, das cales o 41,37% localízanse na provincia da Coruña, 28,87% na de Pontevedra, 16,44% en Lugo e finalmente 13,32% en Ourense. Sendo practicamente a totalidade destas aperturas de novos centros de traballo por nova creación (96,40%), as máis interesantes de cara a medir a creación de riqueza e de novo emprego.


Comunicacións de aperturas de centros de traballo. 2020

A Coruña	7.203
Lugo	2.863
Ourense	2.319
Pontevedra	5.028
Galicia	17.413

Fonte: Estatística sociolaborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Xunta de Galicia.

A apertura de centros de traballo sofre unha diminución no último ano dun 15,22%, provocada pola crise da COVID-19, acadando a cifra máis baixa do período 2015-2020, aínda que o descenso máis acentuado, tanto en termos absolutos como relativos, produciuse en 2017.

Evolución das aperturas de centros de traballo



Fonte: Estatística sociolaborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Xunta de Galicia.

11.2 TAXA DE ACTIVIDADE EMPREENDEDORA INCIPIENTE (TEA)


Esta taxa defínese como a porcentaxe de poboación de 18 a 64 anos involucrada en iniciativas emprendedoras nos últimos 42 meses, ou o que é o mesmo, a proporción de poboación adulta que creou unha empresa nos últimos 3 anos e medio. Os datos de emprendemento galegos están recollidos no Informe GEM Galicia 2020-2021, elaborado polo Grupo GEM Galicia cunha metodoloxía comparable internacionalmente segundo o proxecto Global Entrepreneurship Monitor, un observatorio internacional cuxo principal obxectivo é analizar con carácter anual o fenómeno emprendedor. Os datos foron recollidos mediante unha enquisa.

Ano 2020	Galicia	España
TEA total	4,3%	5,20%
TEA muller	5,0%	4,80%
TEA home	3,5%	5,60%

Fonte: Informe GEM Galicia 2020-2021

Este indicador acada en Galicia en 2020 o 4,3%, cunha tendencia á baixa nos últimos dous anos. As mulleres entre 18 e 64 anos están máis involucradas en actividades emprendedoras que os homes na mesma franxa de idade, cunha taxa dun 5%, 1,5 puntos superior á masculina, o contrario do que ocorre en España, onde a taxa masculina é superior á feminina en 0,8 puntos. Galicia continúa estando por debaixo da media de España (5,2%) en actividade emprendedora e sobre todo da UE (8,1%).

Evolución da TEA en Galicia por sexos



Fonte: Informe GEM Galicia 2020-2021

Respecto ao perfil da persoa emprendedora en Galicia, que se recolle no informe GEM, cabe sinalar que nun 56,5% dos casos é unha muller, cunha idade entre 45 e 54 anos (28,2%), localizada maioritariamente nun entorno urbano (83,7%) e case a metade das iniciativas emprendedoras, o 40,5%, son promovidas por persoas con estudos superiores (ciclos superiores ou graos universitarios). En canto ás motivacións para emprender, principalmente débese á necesidade de gañarse a vida (70,1%).



